

Departamento de Lingua Castelá e Literatura.

I.E.S. DE VIÓS. CURSO 2021 – 2022.

❖ INTRODUCCIÓN.

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de Xuño , polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (recollendo o regulado pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de Decembro, de educación), enténdese por **currículo** : *“O currículo estará integrado polos **obxectivos** de cada ensinanza e de etapa educativa; as **competencias**, ou capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos; os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa, e á adquisición de competencias; a **metodoloxía didáctica**, que abrangue tanto a descrición das prácticas docentes como a organización do traballo dos/das docentes; os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeis**; e os **criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensinanza e etapa educativa”*.

A Programación Didáctica que desenvolvemos aquí é a correspondente a 1º de E.S.O. , 2º de E.S.O, 3º de E.S.O. e 4º de E.S.O. da materia de Lingua Castelá e Literatura.

En **primeiro lugar**, realizamos unha aproximación aos fundamentos básicos do currículo oficial da etapa da E.S.O. no ámbito da Lingua Castelá e Literatura. En **segundo lugar**, presentamos a concreción do currículo de Lingua Castelá e Literatura de 1º, 2º, 3º e 4º de E.S.O. segundo a práctica docente na aula do profesorado deste Departamento Didáctico do .I.E.S. de Viós - Abegondo.

A **finalidade** da E.S.O. consiste en lograr que as rapazas e rapaces adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico, artístico, científico e tecnolóxico, desenvolver e consolidar neles hábitos de estudo e de traballo; prepararlos para a súa incorporación a estudos posteriores e para a súa inserción laboral, e formalos para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións na vida como cidadás e cidadáns.

❖ **OBXECTIVOS XERAIS DA E.S.O . :**

A E.S.O. ten como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permita:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas de aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) **Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexos, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.**

i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e súde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) **Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.**

o) **Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mentemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.**

❖ COMPETENCIAS CLAVE :

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de Xuño , polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia enténdese por **competencia clave** "*aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego*".

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como "*un saber facer*" que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

O currículo da E.S.O. estrutúrase en materias: é nelas onde se deben buscar os referentes que permitan o desenvolvemento e a adquisición das competencias clave nesta etapa.

Para a E.S.O. identifícanse oito competencias clave:

<i>Comunicación lingüística.</i>	<i>(CCL)</i>	Refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita.
<i>Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.</i>	<i>(CMCCT)</i>	Consiste na habilidade para utilizar e relacionar os números, as súas operacións básicas, os símbolos e as formas da expresión e o razoamento matemático. Ademais é a habilidade para interactuar co mundo físico, tanto nos seus aspectos naturais como nos xerados pola acción humana, aplicando para elo o coñecemento científico-técnico.
<i>Competencia dixital.</i>	<i>(CD)</i>	Consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, empregando técnicas e estratexias diversas para transformala en coñecemento.
<i>Aprender a aprender.</i>	<i>(CAA)</i>	Supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo cos propios obxectivos e necesidades.
<i>Competencias sociais e cívicas.</i>	<i>(CSC)</i>	Fai posible a comprensión da realidade social na que se vive, cooperar, convivir e exercer a cidadanía democrática nunha sociedade plural, así como comprometerse a contribuír á súa mellora.
<i>Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.</i>	<i>(CSIEE)</i>	Refírese, por unha banda, á adquisición da conciencia e aplicación dun conxunto dun conxunto de valores e actitudes persoais interrelacionadas, como a responsabilidade, a perseveranza, o coñecemento de si mesmo e a autoestima e, por outra banda, remítese á capacidade de elixir con criterio propio, de imaxinar proxectos e de levar adiante as accións necesarias para desenvolver plans persoais ou colectivos.
<i>Conciencia e expresións culturais.</i>	<i>(CCEC)</i>	Supón coñecer, comprender, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións culturais, artísticas e deportivas. Utilízasas como fonte de enriquecemento e disfrute e considéralas como parte do patrimonio dos pobos.

CURRÍCULO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA.

FINALIDADE E OBXECTIVOS XERAIS:


Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de Xuño , polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia: “*O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais*”.


A **finalidade** do ensino da lingua é **o progresivo dominio desta**, esencial na asimilación da cultura e da apertura ao mundo, e un dos factores que contribúen con maior plenitude á identidade social e, en definitiva, o desenvolvemento das **competencias clave**. O **obxectivo fundamental** desta etapa é que **o alumnado consiga aquelas capacidades indispensables para a plena realización persoal e social**, que lle permitan ser capaz de actuar e desenvolverse no seu entorno e construír as bases da cidadanía, do coñecemento do que é a condición humana, da comprensión dos outros.


OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA:


Os obxectivos da Lingua Castelá e Literatura na E.S.O. marcan unha progresión con respecto aos establecidos para a Educación Primaria, dos que haberá que partir nesta nova etapa. Esta **progresión** supón ampliar a diversidade de prácticas discursivas e facelas máis complexas, acrecentar a importancia do uso da lingua no ámbito académico, suliñar o papel das convencións literarias e do contexto histórico na comprensión dos textos literarios, proporcionar un papel máis salientable á reflexión sobre o funcionamento da lingua e acerca das súas normas de uso, así como a sistematización dos coñecementos lingüísticos explícitos.


Por todo elo, o ensino da Lingua Castelá e Literatura nesta nova etapa terán como obxectivo o desenvolvemento das seguintes capacidades:


 Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade social e cultural.


 Utilizar a lingua para expresarse de forma coherente e adecuada nos diversos contextos da actividade social e cultural, para tomar conciencia dos propios sentimentos e ideas e para controlar a propia conduta.


 Coñecer a realidade plurilingüe de España e as variedades do castelán e valorar esta diversidade como unha riqueza cultural.


-  Utilizar a lingua oral na actividade social e cultural de xeito adecuado ás distintas situacións e funcións, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.


-  Empregar as diversas clases de escritos mediante os que se produce a comunicación coas institucións públicas, privadas e da vida laboral.


-  Utilizar a lingua eficazmente na actividade escolar para buscar, seleccionar e procesar información e para redactar textos propios do ámbito académico.


-  Utilizar con progresiva autonomía e espírito crítico os medios de comunicación social e as tecnoloxías da información para obter, interpretar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.

-  Facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo e consolidar hábitos lectores.

-  Comprender textos literarios utilizando coñecementos básicos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

-  Aproximarse ao coñecemento de mostras relevantes do patrimonio literario e varolalo como un modo de simbolizar a experiencia individual e colectiva en diferentes contextos histórico-culturais.

-  Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e para escribir e falar con adecuación, coherencia, cohesión e corrección.

-  Analizar os diferentes usos sociais das linguas que supoñen xuízos de valor e prexuizos clasistas, racistas ou sexistas.

❖ **CONTRIBUCIÓN DA MATERIA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA Á ADQUISICIÓN DAS *COMPETENCIAS CLAVE* :**

A aprendizaxe da materia de Lingua Castelá e Literatura, ao ter como meta o desenvolvemento da capacidade para interactuar de forma competente mediante a lingua nas diferentes esferas da actividade persoal e social, contribúe ao desenvolvemento das *competencias* seguintes:

□ **Comunicación lingüística (CCL) :**

A materia de Lingua Castelá e Literatura contribúe dun xeito decisivo ao desenvolvemento de todos os aspectos que conforman esta competencia. Ademais, as habilidades e estratexias para o uso dunha lingua determinada e a capacidade para tomar a lingua como obxecto de observación, aínda que se adquiren dende unha *lingua*, transfírense e aplícanse á aprendizaxe de outras *linguas*, o que contribúe, á súa vez, a acrecentar esta competencia sobre o uso da *linguaxe* en xeral.

Non se trata, por tanto, de adquirir só saberes teóricos, senón tamén saberes prácticos. Así, a linguaxe constitúese en instrumento de aprendizaxe do resto das áreas.

□ **Conciencia e expresións culturais (CCEC):**

Dentro da nosa materia, a lectura, interpretación e avaliación das obras literarias contribúen de forma relevante ao desenvolvemento desta competencia, entendida como aproximación a un patrimonio literario e a uns temas recorrentes que son expresión de preocupacións esenciais do ser humano.

A contribución da nosa materia será máis relevante en tanto se relacione o aprecio das manifestacións literarias con outras manifestacións artísticas, como a música, a pintura ou o cine. Tamén se contribúe a esta competencia procurando que o mundo social da literatura (autores, críticos, acceso a bibliotecas, librerías, catálogos ou a presenza do literario na prensa) adquira sentido e sexa comprendido polo alumnado.

□ **Aprender a aprender (CAA):**

A linguaxe, ademais de instrumento de comunicación, é un medio de representación do mundo e esta é a base do pensamento e do coñecemento.

O acceso ao saber e a construción de coñecementos mediante a linguaxe relacionase directamente con esta competencia básica. Así mesmo, os contidos de reflexión sobre a lingua recollen un conxunto de saberes conceptuais (metalinguaxe, gramatical) e procedimentais (capacidade de analizar, contrastar, ampliar e reducir enunciados, substituír elementos dun enunciado, planificar e organizar textos, usar esquemas, diagnosticar erros e reparalos, etc) que se adquiren en relación coas actividades de comprensión e composición de textos e que se reutilizan para optimizar a aprendizaxe lingüística, é dicir, para **aprender a aprender lingua**.

A clase de Lingua Castelá pode ser, pois, a pedra angular para a adquisición dos coñecementos e destrezas necesarios para que a persoa poida aprender en calquera situación.

❑ Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):

Aprender a usar a lingua é tamén aprender a analizar e resolver problemas, trazar plans e emprender procesos de decisión. Por elo, a adquisición de habilidades lingüísticas contribúe a progresar na iniciativa persoal e na regulación da propia actividade cunha autonomía gradual.

❑ Competencia dixital (CD):

A materia de Lingua Castelá e Literatura de xeito progresivo contribúe ao tratamento da información e competencia dixital ao ter como unha das súas metas proporcionar coñecementos e destrezas para a búsqueda e selección de información relevante de acordo con diferentes necesidades, así como para a súa reutilización na produción de textos orais e escritos propios.

A búsqueda e selección de moitas destas informacións requirirá, por exemplo, o uso adecuado de bibliotecas ou a utilización de Internet; el empleo guiado destas búsquedas constituirá un medio para o desenvolvemento da súa competencia dixital. A elo contribúe tamén o feito de que o currículo inclúa o uso de soportes electrónicos na composición de textos, de xeito que podan abordarse máis eficazmente algunhas operacións que interveñen no proceso de escritura (planificación, execución do texto, revisión, corrección e autocorrección, entre outros) e que constitúe un dos contidos básicos da nosa materia. Tamén pode contribuír ao desenvolvemento desta competencia o uso nesta materia dos novos medios de comunicación dixitais que implican un uso social e colaborativo da escritura e dos coñecementos.

❑ Competencias sociais e civícas (CSC):

A aprendizaxe da lingua, concebido como desenvolvemento da competencia comunicativa, contribúe decisivamente ao desenvolvemento da competencia social e cívica, entendida como un conxunto de habilidades e destrezas para as relacións, a convivencia, o respecto e o entendemento entre as persoas.

Aprender lingua é aprender a comunicarse cos outros, a comprender o que estes transmiten e a aproximarse ás outras realidades. Por outra banda, a educación lingüística ten como compoñente estreitamente vinculado con esta competencia a constatación da variedade dos usos da lingua e a diversidade lingüística e a valoración de todas as linguas como vehículos igualmente aptos para desempeñar as funcións de comunicación e de representación.

Nesta materia de Lingua Castelá e Literatura é importante inculcar no alumnado a necesidade de caracterizar usos da linguaxe que manifesten prexuízos raciais, sexistas ou clasistas, así como fomentar o respecto pola realidade plurilingüe de España (*linguas cooficiais*, caso da nosa Comunidade), ademais das variedades ou diferentes rexistros que se dan en distintos colectivos sociais, xa que a miúdo o uso da lingua vai asociado a estereotipos ou prexuízos culturais.

❖ **ESTRUTURA DOS CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE:**

Segundo o Decreto 86/2015 do 25 de Xuño , polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia: “*a materia de Lingua Castelá e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado, entendida en todas as súas vertentes: pragmática, lingüística, sociolingüística e literaria. A estruturación do pensamento do ser humano faise a través da linguaxe; de aí que esta capacidade de comprender e de expresarse sexa o mellor e o máis eficaz instrumento de aprendizaxe*”.

O eixo central do currículo son as habilidades e estratexias para falar, escribir, escoitar e ler en ámbitos significativos da actividade social que **se irán exercitando progresivamente**. . Estas aprendizaxes recóllense en **catro bloques** de contido do currículo:

- 1º.- “ Comunicación oral: escoitar e falar”.
- 2º.- “ Comunicación escrita: ler e escribir”.
- 3º.- “ Coñecemento da lingua”.
- 4º.- “ Educación literaria”.

O bloque 1º.- Comunicación oral: escoitar e falar:

Neste bloque procúrase que os alumnos e as alumnas vaian adquirindo as habilidades necesarias para comunicar con precisión as súas propias ideas, realizar discursos cada vez máis elaborados de acordo cunha situación comunicativa, e escoitar activamente interpretando de xeito correcto as ideas dos demais.

O bloque 2º.- Comunicación escrita: ler e escribir.

Este bloque persegue que o alumnado sexa capaz de entender e producir textos de distinto grao de complexidade e de xéneros diversos, en distintos soportes e formatos. Comprender un texto implica activar unha serie de estratexias de lectura. Así mesmo, a escritura implica un procedemento estruturado en tres partes: planificación, redacción a partir de borradores de escritura e revisión destes antes de redactar o texto definitivo.

Refírese ás habilidades lingüísticas escritas, con moitos aspectos comúns coa lingua oral, polo que se deben interrelacionar e apoiar mutuamente, aínda que **neste segundo bloque se incrementará progresivamente a dificultade dos textos**, coa adquisición de técnicas lingüísticas, en distintos soportes, mantendo a coherencia e respectando as normas gramaticais e ortográficas e, se é o caso, tipográficas.

O bloque 3º.- O coñecemento da lingua:

Este bloque responde á necesidade de reflexión sobre os mecanismos lingüísticos que regulan a comunicación, e afástase da pretensión de utilizar os coñecementos lingüísticos como un fin en si mesmos para devolverlles a súa funcionalidade orixinal: servir de base para o uso correcto da lingua.

A presenza deste bloque xustifícase polo feito da adquisición das habilidades lingüístico-comunicativas e implica o uso reflexivo de diferentes aspectos da lingua:

- A variación lingüística e os factores que explican *dialectos, rexistros, niveis*, usos sociais da lingua.
- As formas lingüísticas que indican no texto a presenza dos factores do contexto comunicativo.
- Os procedementos que contribúen a cohesionar o texto.
- As diversas posibilidades sintácticas que son utilizables para expresar un mesmo contido.
- Os procedementos gramaticais para integrar diferentes proposicións nun enunciado cohesionado e coherente.
- Os mecanismos para a formación de palabras.
- A norma gramatical e a norma ortográfica, etc.

A interrelación deste bloque co resto obriga a que a programación das actividades relacionadas co seu contido teña sempre unha xustificación dende o punto de vista da súa relevancia para a mellora das habilidades no uso da lingua.

O bloque 4º.- Educación literaria:

Este bloque asume o obxectivo de facer dos/das escolares lectores/as cultos/as e competentes, implicados/as nun proceso de formación lectora que continúe ao longo de toda a vida. É un marco conceptual que alterna a lectura, a comprensión e a interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva coa de textos literarios e obras completas representativas da literatura en español.

Este bloque - no que é obvio que **necesitará dos contidos dos outros tres bloques da área de lingua** - oríentase a que se consoliden **progresivamente** os hábitos de lectura; a que se amplíen as experiencias nos campos da lectura e a recreación de textos literarios, adecuándoas as novas necesidades de simbolización da experiencia e da expresión dos sentimentos. Igualmente pretende que se sistematicen as observacións sobre as convencións literarias e se estableza, de xeito máis sistemático tamén, a relación entre obras literarias e os seus contextos históricos.

En síntese, **o eixo fundamental na materia de Lingua Castelá e Literatura son os procedementos** encamiñados ao desenvolvemento das habilidades lingüístico comunicativas, é dicir, para a expresión e comprensión oral e escrita en contextos sociais significativos, así como no ámbito da comunicación literaria. A adquisición e desenvolvemento destas habilidades implica a reflexión sobre os mecanismos de funcionamento da lingua e as súas condicións de uso e a adquisición dunha terminoloxía que permita a comunicación sobre a lingua. Así mesmo, a educación literaria implica a aplicación de coñecementos sobre o contexto histórico-social á lectura e interpretación de textos literarios axeitados á idade do alumnado.

❖ A Materia de *Lingua Castelá e Literatura* de 1º de E.S.O.

Conforme adiantamos na Introdución desta Programación, en **primeiro lugar**, realizamos unha aproximación aos fundamentos básicos do currículo oficial : obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave no ámbito da Lingua Castelá e Literatura. En **segundo lugar**, presentamos a concreción do currículo de Lingua Castelá e Literatura de 1 de E.S.O. segundo a práctica docente na aula do profesorado deste Departamento Didáctico do .I.E.S. de Viós – Abegondo.

BLOQUE 1).- Comunicación oral : escoitar e falar.

Obxectivos	h), m)
Contidos	B1.1. Escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación.
Criterios de Avaliación.	B1.1. Escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.
Competencias Clave.	<i>CCL; CSC.</i>

Obxectivos	a), d), g)
Contidos	B1.2. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.
Criterios de Avaliación.	B1.2. Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.), en situacións comunicativas propias da actividade escolar.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB1.2.1. Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.
Competencias Clave.	<i>CCL; CSIEE.</i>

Obxectivos	h)
Contidos	B1.3. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.
Criterios de Avaliación.	B1.3. Recoñecer, interpretar e avaliar progresivamente a claridade expositiva, a adecuación a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e

	alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos, movementos, ollada, etc.).
Estándares de Aprendizaxe.	<p>LCLB1.3.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</p> <p>LCLB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.</p> <p>LCLB1.3.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.</p>
Competencias Clave.	<p>LCLB1.3.1. - <i>CCL; CAA</i></p> <p>LCLB1.3.2. - <i>CD</i></p> <p>LCLB1.3.3. - <i>CAA</i></p>

Obxectivos	g), h)
Contidos	B1.4. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.
Criterios de Avaliación.	B1.4. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB1.4.1. Realiza presentacións orais.
Competencias Clave.	<i>CCL</i>

Obxectivos	a), d), h), m)
Contidos	B1.5. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación.
Criterios de Avaliación.	B1.5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.
Competencias Clave.	<i>CSC</i>

BLOQUE 2).- Comunicación escrita : ler e escribir.

Obxectivos	h); n)
Contidos	B2.1. Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos escritos de ámbito persoal, educativo ou escolar, e de ámbito social.
Criterios de Avaliación.	B2.1. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB2.1.1. Retén información e reconece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas. LCLB2.1.2. Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe. LCLB2.1.3. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.
Competencias Clave.	LCLB2.1.1. - <i>CCL</i> LCLB2.1.2. - <i>CCL</i> LCLB2.1.3. - <i>CMCCT</i>

Obxectivos	b); e); h)
Contidos	B2.2. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información
Criterios de Avaliación.	B2.2. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. LCLB2.2.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.
Competencias Clave.	LCLB2.2.1. - <i>CD</i> LCLB2.2.2. - <i>CD</i> LCLB2.2.3. - <i>CD</i>

Obxectivos	g); h)
Contidos	B2.3. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.

Criterios de Avaliación.	B2.3. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura.
Competencias Clave.	<i>CSIE</i>

Obxectivos	h); l)
Contidos	B2.4. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, co educativo ou escolar e co social. B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados.
Criterios de Avaliación.	B2.4. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo. LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo. LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.
Competencias Clave.	LCLB2.4.1. - <i>CCL</i> LCLB2.4.2. - <i>CCL</i> LCLB2.4.3. - <i>CMCCT ; CD</i>

BLOQUE 3).- Coñecemento da lingua.

Obxectivos	b); h)
Contidos	B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección. B3.2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.
Criterios de Avaliación.	B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos. LCLB3.1.2. Recoñece e corrixir erros ortográficos e gramaticais en textos

	<p>proprios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.</p> <p>LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.</p>
Competencias Clave.	<p>LCLB3.1.1. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB3.1.2. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB3.1.3. - <i>CCL</i></p>

Obxectivos	e); h)
Contidos	B3.3. Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua.
Criterios de Avaliación.	B3.2. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer o propio vocabulario.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.
Competencias Clave.	<i>CD; CCL</i>

Obxectivos	h)
Contidos	B3.4. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
Criterios de Avaliación.	B3.3. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.
Competencias Clave.	<i>CCL</i>

Obxectivos	a); h)
Contidos	B3.5. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e da subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao emisor e ao receptor nos textos.
Criterios de Avaliación.	B3.4. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.

Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.4.1. Recoñece a expresión da obxectividade ou subxectividade identificando as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
Competencias Clave.	<i>CSL; CCL</i>

Obxectivos	i); l)
Contidos	B3.6. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
Criterios de Avaliación.	B3.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.5.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
Competencias Clave.	<i>CCL; CAA</i>

Obxectivos	a); h); l); ñ); o)
Contidos	B3.7. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático.
Criterios de Avaliación.	B3.6. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade do centro docente e do ámbito social do alumnado.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.6.1. Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do seu ámbito social próximo.
Competencias Clave.	<i>CSC</i>

Obxectivos	g); h)
Contidos	B3.8. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.
Criterios de Avaliación.	B3.7. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar

	estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.7.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.
Competencias Clave.	CAA

BLOQUE 4).- Educación literaria.

Obxectivos	h)
Contidos	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
Criterios de Avaliación.	B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos, e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, amosando interese pola lectura.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.
Competencias Clave.	CCEC

Obxectivos	h); l); n)
Contidos	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
Criterios de Avaliación.	B4.2. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.2.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras. LCLB4.2.2. Dramatiza fragmentos literarios breves desenvolvendo progresivamente a expresión corporal como manifestación de sentimentos e emocións, respectando as producións das demais persoas.
Competencias Clave.	LCLB4.2.1. - CCEC LCLB4.2.2. - CCEC; CSC

Obxectivos	h); l); n)
Contidos	B4.2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.
Criterios de Avaliación.	B4.3. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.3.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero con intención lúdica e creativa. LCLB4.3.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.
Competencias Clave.	LCLB4.3.1. - <i>CCL; CCEC</i> LCLB4.3.2. - <i>CCEC; CSIE</i>



OBXECTIVOS DE 1º DE E.S.O. :

1º.- Expresarse por escrito e oralmente de xeito correcto e cohesionado.

2º.- Coñecer as características dos principais tipos de textos: narración, descripción, diálogo, exposición e xéneros xornalísticos.

3º.- Coñecer os distintos xéneros literarios e algunhas manifestacions importantes da literatura.

4º.- Aplicar normas lingüísticas relativas a cuestións ortográficas.

5º.- Coñecer e analizar os elementos morfosintácticos da lingua.

6º.- Coñecer formas das linguaxes non verbais e a súa interacción coa comunicación verbal.

7º.- Ampliar o vocabulario e coñecer os principais fenómenos léxicos e semánticos.

8º.- Comprender, producir e sintetizar diferentes tipos de textos orais e escritos.

9º.- Identificar e respectar os usos de variedades lingüísticas diferentes (con especial atención á coexistencia de dúas linguas en Galicia).

10º.- Crear (breves e sinxelos) textos de intención literaria e valorar a literatura como fonte de pracer e coñecemento.

- 11º.- Analizar, producir e valorar críticamente mensaxes dos medios de comunicación de masas.
- 12º.- Valorar e respectar as normas propias dos diálogos, coloquios, debates, etc.
- 13º.- Saber utilizar a linguaxe como fonte de información e para organizar a propia actividade (resumos, esquemas, reseñas, toma de notas ...).
- 14º.- Mostrar unha actitude crítica ante calquera uso lingüístico que supoña discriminación.



CONTIDOS DE 1º DE E.S.O. :

BLOQUE 1).- Comunicación oral : escoitar e falar.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

- Elementos da comunicación.
- Os rexistros lingüísticos e o contexto comunicativo.
- Diálogos, coloquios, debates, etc.

SEGUNDO TRIMESTRE.

- Comprensión de noticias de actualidade.
- Exposición de información de actualidade tomadas dos medios de comunicación.
- Narración oral, a partir dun guión preparado previamente.

TERCEIRO TRIMESTRE.

- Comprensión de textos orais empregados no ámbito académico.
- Participación activa en situacións de comunicación propias do ámbito académico.
- Participación activa en exposicións orais dos resultados obtidos en traballos en grupo.

BLOQUE 2).- Comunicación escrita : ler e escribir.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

- Os tipos de texto e as súas principais características estruturais.
- O *esquema*.
- O *resumo*.
- A narración.

SEGUNDO TRIMESTRE.

- A exposición.
- A descrición.
- O procedemento descritivo.
- As *instruccións* e as *normas*.

TERCEIRO TRIMESTRE.

- A *carta persoal*.
- As *notas* e os *avisos*.
- O xornal e a súa estrutura.
- A *noticia*.

BLOQUE 3).- Coñecemento da lingua.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

- As linguas e as súas variedades :
 - A *linguaxe* e as *linguas*.
 - Realidade plurilingüe de España.
 - Os *registros lingüísticos*.

Morfoloxía:

- O *substantivo* :
 - Concepto de *substantivo*.
 - *Xénero* do substantivo.
 - *Número* do substantivo.
 - Clases de substantivos.
- O *adxectivo calificativo*:
 - Concepto de *adxectivo calificativo*.
 - *Xénero* e *número* do adxectivo.
 - *Grao* do adxectivo calificativo.
 - Clases de adxectivos.
- Os *adxectivos determinativos*:
 - Concepto de *adxectivo determinativo*.
 - *Adxectivos demostrativos* e *posesivos*.
 - *Adxectivos numerais* e *indefinidos*.

Ortografía:

- O alfabeto español.
- As letras maiúsculas.
- A *sílaba*.
- Reglas xerais de acentuación e de colocación de til.

SEGUNDO TRIMESTRE.

Morfoloxía:

- Os *pronomes*:
 - Concepto de *pronome*.
 - *Pronomes persoais*.
 - *Pronomes demostrativos e posesivos*.
 - *Pronomes numerais e indefinidos*.

- O *verbo*:
 - Concepto de *verbo*.
 - O *número* e a *persoa verbal*.
 - *As formas non persoais do verbo*.
 - *Formas simples e formas compostas*.

- A *conxugación verbal*:
 - O *modo indicativo*.
 - O *modo subxuntivo*.
 - Os *verbos irregulares*.

- *As palabras invariables*:
 - Os *adverbios*.
 - Os *adverbios de lugar, tempo e modo*.
 - Os *adverbios de afirmación, negación e cantidade*.
 - *As preposicións e as conxuncións*.

Ortografía:

- Uso das letras *c, qu, k, y c, z*.
- Uso da letra *h*.
- Uso das letras *b, v*.
- Uso das letras *g, j*.

TERCEIRO TRIMESTRE.

Morfoloxía:

- A estrutura da palabra:
 - *Familia léxica*.
 - *Lexemas e morfemas*.
 - *Formación de palabras*.

Sintaxe:

- A *oración simple*:
 - *Suxeito e Predicado*.
 - *Identificación e localización do Suxeito*.
 - *Os compoñentes do verbo*.

- Clases de *oracións segundo a actitude do falante*:
 - *Oracións enunciativas.*
 - *Oracións interrogativas e exhortativas.*
 - *Oracións exclamativas, dubitativas e desiderativas.*

- O *texto*:
 - Concepto de *texto.*
 - *A cohesión textual.*
 - *Os conectores textuais.*

Ortografía:

- Uso das letras *ll* e *y*.
- Uso da letra *x*.
- O *punto* e a *coma*.
- Puntuación de diálogos.

BLOQUE 4).- Educación literaria.

Todos os contidos que se reseñan a continuación serán tratados dun xeito inductivo a través da lectura e análise de fragmentos de textos literarios representativos.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

- Os textos literarios:
 - Concepto de *texto literario.*
 - A literatura e as artes.

- A linguaxe figurada:
 - O *símil* e a *personificación.*
 - A *metáfora.*

- Os Xéneros literarios:
 - *A narrativa.*
 - *A lírica.*
 - *O drama.*

- A narración literaria:
 - Concepto de *narración literaria.*

 - *O narrador.*
 - Os *personaxes*, o *tempo* e o *espacio.*

SEGUNDO TRIMESTRE.

- As *lendas*:
 - Concepto de *lenda.*
 - Tipos de *lenda.*

- Os *mitos*:
 - Concepto de *mito.*
 - Os *mitos gregos.*

- Os contos:
 - Concepto de conto.
 - Os contos populares.
- As fábulas:
 - Concepto de *fábula*.
 - A *moralex*.

TERCEIRO TRIMESTRE.

- Os versos:
 - A medida dos versos.
 - A *rima*.
- As estrofas:
 - O concepto de estrofa.
 - O *romance* e o *soneto*.
- O teatro:
 - O *texto dramático*.
 - O *diálogo* e o *monólogo*.
- A representación teatral:
 - Elementos da representación teatral.
 - O lugar da representación teatral.

Lecturas:


Neste curso 2021 - 2022 leranse as seguintes obras:


- FERNÁNDEZ FLORES, WENCESLAO, ***El bosque animado***, Madrid, Editorial Anaya, ISBN: 9788466715591.


A profesora poderá propor a lectura doutras obras con carácter voluntario. As obras de lectura poderán variar nos distintos cursos escolares.


CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTER UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NA MATERIA DE 1º DE E.S.O. .


BLOQUE 1).- Comunicación oral : escoitar e falar.


-  Comprensión de noticias de actualidade próximas aos intereses do alumnado procedentes dos medios de comunicación.


-  Exposición de informacións de actualidade tomadas dos medios de comunicación.

-  Narración oral, a partir dun guión preparado previamente, de feitos relacionados coa experiencia, presentada de forma secuenciada e con claridade, inserindo descrições sinxelas e incluíndo ideas e valoracións en relación co exposto, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

-  Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico atendendo especialmente á presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización, a breves exposicións orais e á obtención de informacións de documentais tomados dos medios de comunicación.


-  Participación activa en situacións de comunicación propias do ámbito académico, especialmente no pedimento de aclaracións ante unha instrución, en propostas sobre o xeito de organizar tarefas, na descripción de secuencias sinxelas de actividades realizadas, no intercambio de opinións e na exposición de conclusións.


-  Participación activa en traballos en grupo cooperando e respectando ao resto dos seus compoñentes.


-  Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, das ideas e dos sentimentos propios e para regular a propia conduta.


BLOQUE 2).- Comunicación escrita : ler e escribir.


▶▶ Comprensión de textos escritos:

-  Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como instrucións de uso e normas.


-  Comprensión de textos dos medios de comunicación, atendendo á estrutura do xornal (seccións e xéneros) e aos elementos paratextuais, con especial atención ás noticias relacionadas coa vida cotiá e coa información de feitos.


 Comprensión de textos do ámbito académico, tendendo especialmente aos de carácter expositivo e explicativo, ás instrucións para realizar tarefas, á consulta, en diversos soportes, de dicionarios, de glosarios e doutras fontes de información, como enciclopedias e webs educativas.


 Utilización dirixida da biblioteca do centro e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información e de modelos para a competencia escrita.


 Reflexión crítica con respecto á información dispoñible ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación.


▶▶ Composición de textos escritos:

 Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais próximos á experiencia do alumnado, como cartas e notas.


 Composición de textos propios dos medios de comunicación, especialmente noticias, destinados a un soporte impreso ou dixital.


 Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente resumos, esquemas xerárquicos, mapas conceptuais, exposicións sinxelas, glosarios e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes efectuadas.


 Utilización da composición escrita como fonte de información e de aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias, ideas, opinións e coñecementos propios e como forma de regular a conduta.


 Dominio das normas de presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.


BLOQUE 3).- Coñecemento da lingua.


 Observación de diferenzas relevantes, contextuais e formais, entre comunicación oral e escrita e entre os usos coloquiais e formais, especialmente os propios do ámbito escolar.


 Coñecemento xeral da diversidade lingüística e da distribución xeográfica das linguas de España, valorándoa como fonte de enriquecemento persoal e colectivo.


 Coñecemento das modalidades da oración e dos modos do verbo como formas de expresar as intencións dos falantes.


 Identificación e uso das formas lingüísticas da deíxe persoal (pronomes, persoais, posesivos e terminacións verbais) en textos orais e escritos como cartas e normas.


 Identificación e uso reflexivo dalgúns conectores textuais, con especial atención aos temporais, explicativos e de orde e dalgúns mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais (pronomes persoais, posesivos e demostrativos) como léxicos (repeticións, sinónimos e elipses).

 Recoñecemento e uso coherente das formas verbais nos textos, con especial atención aos tempos de pretérito da narración.


 Recoñecemento do funcionamento sintáctico de verbos de uso frecuente a partir do seu significado, identificando o suxeito e os complementos do verbo, constatando a existencia de complementos necesarios ou argumentais fronte aos non necesarios ou circunstanciais; comprensión dunha terminoloxía sintáctica básica. Oración; suxeito e predicado; predicado nominal e predicado verbal.

 Uso dos procedementos para compoñer os enunciados cun estilo cohesionado, especialmente a inserción na oración de expresións con valor explicativo, como a aposición, o adxectivo e a oración de relativo.


 Distinción entre palabras flexivas e non flexivas e recoñecemento das distintas categorías gramaticais e dos mecanismos de formación de palabras (composición e derivación).


 Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios escolares e outras obras de consulta, especialmente sobre as clases de palabras, relacións semánticas de léxico (sinonimia, antonimia, ...) e normativa.


 Iniciación ao uso de dicionarios e de correctores ortográficos dos procesadores de textos.


 Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas.


BLOQUE 4).- Educación literaria.


 Lectura de varias obras adecuadas á idade.


 Recitado de poemas, recoñecendo os elementos básicos do ritmo, a versificación e as figuras semánticas máis relevantes.


 Lectura de relatos breves, incluíndo mitos e lendas de diferentes culturas, recoñecendo os elementos do relato literario e a súa funcionalidade.

 Lectura dramatizada de obras teatrais breves ou de fragmentos recoñecendo os aspectos formais do texto teatral.

-  Diferenciación dos grandes xéneros literarios a través das lecturas comentadas.

-  Composición de textos de intención literaria utilizando algunhas das aprendizaxes adquiridas nas lecturas dirixidas.

-  Utilización dirixida da biblioteca do centro e de bibliotecas virtuais.

-  Desenvolvemento da autonomía lectora e do aprecio pola lectura como fonte de pracer e de coñecemento do mundo.

METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.

A **metodoloxía** é fundamentalmente **práctica e funcional**: os alumnos deben realizar diferentes tipos de actividades, individuais e en grupo, situadas ao longo das seccións das unidades didácticas. Ademais, os alumnos deben colaborar e participar na información que se suministra, de xeito que se combinen o método inductivo e o deductivo.

A observación, a análise, a reflexión, a relación, a investigación e o diálogo serán as actividades continuadas deste proceso de ensinanza-aprendizaxe. Pártese dos intereses dos alumnos e das aprendizaxes que posúen, e procurarase que non só adquiran saberes senón que aprendan destrezas e valores.

Hai que citar a integración nas diferentes unidades didácticas de aspectos relacionados cos **temas transversais** e a importancia dos **aspectos interdisciplinarios** especialmente na área de Lingua e Literatura Galega e Lingua Castelá e Literatura. Así o recolle o **Decreto 86/2015 do 25 de Xuño , polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia**: . *“No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística”*.

Este mesmo proceder debe facerse en relación ás **linguas extranxeiras** que curse o alumno, e, se fose o caso, ás **linguas clásicas**.

Tamén a **atención á diversidade** está contemplada nas estratexias didácticas concretas que van aplicarse na aula. A expresión oral e escrita serán traballadas cun método individualizado que teña en conta o punto de partida de cada alumno, as súas dificultades específicas e a súa zona de desenvolvemento.

Así mesmo, crearase un ambiente de socialización, de acordo coa función comunicativa e apelativa da linguaxe, e introduciranse mecanismos de cooperación: corrección colectiva, torbellino de ideas, traballos en grupo, postas en común ...

Do mesmo xeito, a organización secuenciada e progresiva das actividades contribúe a que cada alumno poida superar as posibles dificultades que se lle presenten na súa aprendizaxe.



Os **materiais curriculares** empregados son:



1º E.S.O.:

LIBRO DE TEXTO: - AA.VV., *1º E.S.O. Vigía – Lengua Castellana y Literatura*, Barcelona, EDITORIAL TEIDE, 2015, ISBN: 978-84-307-8984-9.

- Libreta en espiral para uso exclusivo da materia.
- Dicionario de Lingua Castelá.
- Fotocopias para aspectos puntuais.
- Materiais audiovisuais e dixitais de apoio.
- Libros de lectura infantil e xuvenil.
- A biblioteca do centro, outras bibliotecas e consulta de bibliotecas virtuais.
- Procesadores de textos e correctores ortográficos.



PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN :

1º E.S.O. .

A avaliación ha de contribuír a mellorar o rendimento dos alumnos. Para que isto sexa posíbel, é necesario que sexa unha **avaliación continua** e que estea atenta á evolución do proceso global de desenvolvemento do alumno, no plano intelectual, afectivo e social.

A continuación expóñense os **criterios** a adoptar, que se corresponden cos obxectivos citados:

1º.- Extraer o tema, a idea principal e resumir textos orais ou escritos de diferente tipo ou nivel.

- 2º.- Expoñer oralmente un tema utilizando unha linguaxe apropiada.
- 3º.- Ler adecuadamente e de forma expresiva, e valorar a lectura como fonte de información e de formación.
- 4º.- Distinguir e escribir textos sinxelos de diferentes tipos (narrativos, descritivos, dialogados ...).
- 5º.- Empregar técnicas adecuadas nas actividades que se realicen (resumir, suliñar, interpretar sinais tipográficas, elaborar fichas, tomar notas breves, etc.).
- 6º.- Dominio das regras de ortografía, acentuación e puntuación apreñidas. Ao final de curso, os alumnos no poderán sobrepasar o límite de **oito faltas** de ortografía, baixarase **0'25 por cada falta** de ortografía e poderase baixar ata un **punto e medio** polo conxunto de faltas de redacción, acentuación, puntuación e presentación. Este criterio será máis flexible cando as características do exercicio escrito obriguen ao uso dun vocabulario máis técnico, culto ou descoñecido polos alumnos. Ademáis, valorarase o contexto lingüístico de linguas en contacto no que se desenvollen os alumnos. En todo caso, valorarase o progreso de cada alumno en particular tendo en conta o punto de partida, a evolución e o resultado final conxuntamente.
- 7º.- Dominio do léxico apreñido e dos procedementos léxico-semánticos máis importantes.
- 8º.- Aplicar coñecementos de morfoloxía (clases de palabras) á produción e interpretación de textos no primer curso da E.S.O. .
- 9º.- Redactar con coherencia e cohesión, e coidar a presentación dos traballos.
- 10º.- Identificar o xénero ao que pertence un texto literario e facer unha valoración sobre o mesmo.
- 11º.- Elaborar textos (breves y sinxelos) de intención literaria.
- 12º.- Detectar e evitar en textos orais e escritos usos que supoñan calquera tipo de discriminación, e valorar as mensaxes que proveñen doutras persoas o medios de comunicación.
- 13º.- Lectura de obras literarias obrigatorias (fichas, resumos, etc. das mesmas) como condición básica para aprobar.

►► Para levar a cabo este modelo de avaliación utilizaranse diversos **instrumentos e procedementos de avaliación:**

- Análise do traballo realizado: resumos, traballos diversos, caderno de clase, textos escritos, producións orais, etc.
- Intercambios orais cos alumnos: diálogo, entrevista, posta en común, debates, etc.

- Probas concretas: exposición dun tema, resolución de exercicios, exames, etc.
- Traballo diario en clase e participación.
- Actitude na aula e a súa evolución diaria: interese hacia a materia, o prestar atención, o respecto cara aos seus compañeiros e hacia á profesora, etc.

Haberá unha proba de **avaliación inicial**. Os profesores de Lingua Castelá e Literatura na E.S.O. elaborarán unhas fichas a través das que coñecerán o nivel dos alumnos, no primeiro mes de clase, en aspectos como: lectura, comprensión, capacidade de síntese, ortografía, presentación dos escritos, conceptos, procedementos, grado de aprehensión das competencias clave, actitudes, capacidade de abstracción, coidado do material (verase se o alumno o leva a clase, se o cuida, etc.).

❖ CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 1º E.S.O. :

▶▶ Corrección escrita e ortográfica:

Nos exercicios presentados polos alumnos valorarase a calidade e corrección da súa redacción e expresión, valorando o dominio e amplitude do léxico empregado, a elaboración de textos coherentes e cohesionados e a aplicación das regras de puntuación, acentuación e a corrección ortográfica. Terase tamén en conta o esforzo nunha presentación coidada e correcta.

Conforme queda recollido nos criterios de avaliación, **restarase 0,25** puntos da cualificación global por **cada falta de ortografía** en todo tipo de escrito (redacción, esquema, traballo, control de lectura, exame, ...) que sexa puntuado polo profesor.

▶▶ Contidos:

Ao longo de cada trimestre realizaranse distintos controis ou probas escritas que se corresponderán con cada un dos bloques de contido. Nestas probas os alumnos terán que demostrar de forma práctica os coñecementos adquiridos. O bloque de contido de **ler e escribir**, no que se traballa á capacidade de síntese e análise de textos, pode ser avaliado mediante probas específicas ou a través da libreta de traballo na aula.

▶▶ Participación nas actividades da aula:

Os alumnos teñen que ser activos no proceso de ensinanza - aprendizaxe. Deste xeito, terase moi en conta a participación nas actividades propostas e desenvoltas na aula. Será esencial demostrar hábito de traballo diario, presentando exercicios e actividades que se soliciten e cumprindo os prazos (se os houbese), lendo os libros de lectura e realizando as actividades que se propoñan a partires destas lecturas.

A cualificación global de cada avaliación será o resultado da observación de todos estes aspectos, de forma que non se dará o caso de alumnos aprobados por ter superados os controis ou probas puntuais escritas, pero que non participaron nas actividades da aula e teñan demostrado un abandono diario ante o traballo e estudo na nosa materia.

Para que un alumno obteña unha cualificación positiva na materia, non só terá que superar as probas escritas, senón que tamén terá que participar activamente nas actividades da aula:

- ▶ Realizando os exercicios e participando de forma habitual nas actividades propostas polo profesor.
- ▶ Realizando os traballos de investigación que se propoñen para cada trimestre, demostrando un mínimo de interese e calidade nos mesmos.
- ▶ Lendo os libros de lectura que se propoñen para cada trimestre e demostrando, mediante controis de lectura escritos, a capacidade de comprensión e a aplicación dos aspectos sobre a narración que se teñan traballado en clase. Unha nota no control de lectura superior a 6 engadirá un punto na nota global da avaliación, unha cualificación inferior ao 5 e ata 4 restará 0'5 puntos na nota global da avaliación, unha cualificación de 2 a 3 restará 1 punto na nota global da avaliación. Unha puntuación inferior a 2 puntos evidencia un claro abandono do exercicio e comprensión lectora.

A cualificación global de cada trimestre será o resultado da observación de todos estes aspectos, de modo que non se dará o caso de alumnos aprobados por ter superado os controis escritos, pero que non participaron nas actividades diarias da aula.

▶▶ **Faltas de asistencia e seguimento da materia:**

O Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura asume para todos os ciclos, cursos e materias o Artigo 46 do Regulamento de Réxime Interno do I.E.S. de Viós: ***"Cando un alumno teña máis dun 10% de faltas de asistencia inxustificadas nunha materia, perderá o dereito á avaliación continua. O Departamento correspondente determinará as probas de avaliación que deberá realizar nas dúas últimas semanas do curso"***.

O Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura elaborará nesas datas exames, fichas, probas orais, realización de exercicios, revisión de libretas y/o cadernos de traballo, etc., para comprobar e valorar a evolución académica deste tipo de alumnos, por ter sido imposíbel un seguimento continuo e progresivo na aula.

▶▶ **Exames en convocatorias extraordinarias e avaliación de materias pendentas:**

O Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura elaborará probas escritas para as distintas convocatorias de avaliación establecidas pola Lexislación Educativa en base a estes principios:

1º.- Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e criterios de cualificación serán os mesmos que se detallan para cada unha das materias que imparte este Departamento.

2º.- Nestas probas extraordinarias pódense esixir controis, fichas ou traballos de lectura sobre as obras de lectura obrigatorias correspondentes aos distintos cursos e niveis.

■ **Avaliación de materias pendentes.**

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura (como o resto dos Departamentos do I.E.S. de Viós que imparten materias progresivas) acordou adoptar o seguinte sistema para a avaliación de alumnos con calquera das materias do noso Departamento pendente:

1º.- Mediante un Plan de Traballo: O alumno realizará as actividades ou traballos que se lle propoñan sobre os contidos da materia pendente ao longo do curso. Realizará ademais dous exames ou probas puntuais escritas (segundo programación de Xefatura de Estudos) nos meses de Xaneiro e Abril. O alumno ten que acadar nestas probas unha nota mínima dun 4, se realizou correctamente as actividades ou traballos propostos polo Departamento ao longo do curso, poderá sumar ata 1 punto á cualificación de cada proba, polo que acadará o aprobado na materia pendente.

2º.- Mediante Probas Globais ou Finais da materia pendente: Xefatura de Estudos programará nos meses de Maio e Setembro probas Globais para alumnos con materias pendentes. O alumno que acade nestas probas unha cualificación igual ou superior a 5 puntos aprobará a materia pendente correspondente.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE E REFORZO.

Os alumnos que evidencian un atraso escolar xeralizado reciben en 1º e de E.S.O. unha *Adaptación Curricular* axeitada ao nivel de aprendizaxe que presentan .

Esta análise e avaliación é realizada polo Departamento de Orientación Educativa. É tamén este Departamento de Orientación quen realiza esta Adaptación Curricular e, polo tanto forma parte da súa Programación. A persoa que imparte docencia a estes rapaces é a mestra de Apoio, quen pertence ao Departamento de Orientación.

❖ **CRITERIOS METODOLÓXICOS.**

A área de Lingua encerra unha certa complexidade polo feito de que en Galicia conviven dúas linguas oficiais; a ensinanza xoga un papel importante na situación harmónica entre ambas linguas, pois debe conquistar que os alumnos as dominen dunha maneira satisfactoria e que valoren dunha forma positiva a diversidade lingüística e cultural. Así pois, o tratamento metodolóxico da área haberá de considerar o tratamento das posibles interferencias lingüísticas, procurando unha mellora no uso simultáneo de ambas. Por todo isto, será preciso traballar a partires dos usos reais que da lingua fagan alumnos para propiciar patróns lingüísticos que amplíen as súas posibilidades comunicativas.

A metodoloxía pretenderá potenciar sempre a práctica lingüística do alumno, atendendo as súas dificultades previas e intentando progresar nunha aprendizaxe significativa. Plantexarase sempre un **enfoque metodolóxico** no que as actividades e proxectos de traballo primen sempre o **carácter práctico e funcional dos contidos**.

Será preciso centrarse tanto na lingua oral, como na lingua escrita dunha forma harmónica. Ademáis o estudo da Lingua ha de levarse a cabo dunha forma integrada co da Literatura. Trátase de enriquecer a linguaxe avanzando na educación literaria.

En canto á gramática, esta queda subordinada á competencia comunicativa (oral e escrita). En todo caso darase prioridade aos obxectivos de carácter práctico (uso da lingua, dominio da comprensión e a expresión) mediante actividades diferenciadas.

Hai que citar a integración nas diferentes unidades de aspectos relacionados cos temas transversais, de atención á diversidade e de aspectos interdisciplinarios.

Dende o punto de vista didáctico, pátense dos intereses dos alumnos e dos coñecementos que estes posúen e búscase que eles mesmos apreendan as estratexias para apreender. Por tanto, establécese unha metodoloxía sobre todo práctica e funcional, que dará máis importancia aos contidos procedimentais. Os alumnos realizarán diferentes tipos de actividades, individuais e en grupo, e participarán na información que se vai suministrando a través de tarefas de análise, reflexión, interpretación, debate, etc.

❖ CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

A avaliación ha de contribuír a mellorar o rendimento dos alumnos. Para que isto sexa posíbel, é necesario que sexa unha **avaliación continua** e que estea atenta á evolución do proceso global de desenvolvemento do alumno, no plano intelectual, afectivo e social.

A continuación expóñense os criterios a adoptar, que se corresponden cos obxectivos citados.

- 1º.- Extraer o tema, a idea principal e resumir textos orais ou escritos de diferente tipo ou nivel.
- 2º.- Expoñer oralmente un tema utilizando unha linguaxe apropiada.
- 3º.- Ler adecuadamente e de forma expresiva, e valorar a lectura como fonte de información e de formación.
- 4º.- Distinguir e escribir textos sinxelos de diferentes tipos (narrativos, descritivos, dialogados ...).
- 5º.- Utilizar técnicas adecuadas nas actividades que se realicen (resumir, suliñar, interpretar señais tipográficas, elaborar fichas, tomar notas breves, etc.).

6º.- Dominio das regras de ortografía, acentuación e puntuación apreñendidas. Ao final de curso, os alumnos non poderán sobreparar o límite de **doce faltas** de ortografía, baixarase **0'25 por cada falta** de ortografía e poderase baixar ata un **punto e medio** polo conxunto de faltas de redacción, acentuación, puntuación e presentación. Este criterio será máis flexible coñando as características do exercicio escrito obriguen ao uso dun vocabulario máis técnico, culto ou descoñecido polos alumnos. Ademáis, valorarase o contexto lingüístico de linguas en contacto nas que se desenvolven os alumnos. En todo caso, valorarase o progreso de cada alumno en particular tendo en conta o punto de partida, a evolución e o resultado final conxuntamente.

7º.- Dominio do léxico apreñendido e dos procedimentos léxico-semánticos máis importantes.

8º.- Aplicar coñecementos de morfoloxía (clases de palabras) á produción e interpretación de textos no primer curso da E.S.O. .

9º.- Redactar con coherencia e cohesión, e cuidar a presentación dos traballos.

10º.- Identificar o xénero ao que pertence un texto literario e facer unha valoración sobre o mesmo.

11º.- Detectar e evitar en textos orais e escritos usos que supoñan calquera tipo de discriminación, e valorar as mensaxes que proveñen doutras persoas ou medios de comunicación.

12º.- Lectura de obras literarias obrigatorias (fichas, resumos, etc. das mesmas) como condición básica para aprobar.

▷ Para levar a cabo este modelo de avaliación utilizaranse diversos **instrumentos e procedementos de avaliación:**

- Análise do traballo realizado: resumos, traballos diversos, caderno de clase, textos escritos, producións orais, etc.
- Intercambios orais cos alumnos: diálogo, entrevista, posta en común, debates, etc.
- Probas concretas: exposición dun tema, resolución de exercicios, exames, etc.
- Traballo diario en clase e participación.
- Actitude na aula e a súa evolución diaria: interese hacia a materia, o prestar atención, o respecto cara aos seus compañeiros e hacia a profesora, etc.

Haberá unha proba de **avaliación inicial**. Os profesores de Lingua Castelá e Literatura na E.S.O. elaborarán unhas fichas a través das que coñecerán o nivel dos alumnos, no primeiro mes de clase, en aspectos como: lectura, comprensión, capacidade de síntese, ortografía, presentación dos escritos, conceptos, procedementos, actitudes, capacidade de abstracción, coidado do material (verase se o alumno o leva á clase, se o coida, etc.).

❖ A Materia de *Lingua Castelá e Literatura* de 2º de E.S.O.

Conforme adiantamos na Introdución desta Programación, en **primeiro lugar**, realizamos unha aproximación aos fundamentos básicos do currículo oficial : obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave no ámbito da Lingua Castelá e Literatura. En **segundo lugar**, presentamos a concreción do currículo de Lingua Castelá e Literatura de 2º de E.S.O. segundo a práctica docente na aula do profesorado deste Departamento Didáctico do .I.E.S. de Viós – Abegondo.

BLOQUE 1).- **Comunicación oral : escoitar e falar.**

Obxectivos	h); m)
Contidos	B1.1. . Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: ámbito persoal, educativo ou escolar, e social.
Criterios de Avaliación.	B1.1. . Escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios do ámbito persoal, escolar/educativo e social, identificando a estrutura, a información relevante e a intención comunicativa do/da falante. LCLB1.1.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas. LCLB1.1.3. Segue e interpreta instrucións orais respectando a xerarquía dada.
Competencias Clave.	LCLB1.1.1. - <i>CCL</i> LCLB1.1.2. - <i>CCL</i> LCLB1.1.3. - <i>CCL</i>

Obxectivos	h); m)
Contidos	B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e textos argumentativos. Diálogo.
Criterios de Avaliación.	B1.2. Escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral. LCLB1.2.2. Retén información relevante e extrae informacións concretas.

	<p>LCLB1.2.3. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).</p> <p>LCLB1.2.4. Resume textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente.</p>
Competencias Clave.	<p>LCLB1.2.1. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB1.2.2. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB1.2.3. - <i>CAA</i></p> <p>LCLB1.2.4. - <i>CCL, CCA</i></p>

Obxectivos	h); m)
Contidos	B1.3. escoita activa e cumprimento das normas básicas que favorecen a comunicación.
Criterios de Avaliación.	B1.3. escoitar de xeito activo e comprender o sentido global de textos orais.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB1.3.1. Observa e analiza as intervencións particulares de cada participante nun debate tendo en conta o ton empregado, a linguaxe que se utiliza, o contido e o grao de respecto cara ás opinións das demais persoas.
Competencias Clave.	LCLB1.3.1. - <i>CCL, CSC</i>

Obxectivos	h)
Contidos	B1.4. Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.
Criterios de Avaliación.	B1.4. Comprender o sentido global de textos orais.
Estándares de Aprendizaxe.	<p>LCLB1.4.1. Recoñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.</p> <p>LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.</p> <p>LCLB1.4.3. Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.</p>
Competencias Clave.	<p>LCLB1.4.1. - <i>CSIE</i></p> <p>LCLB1.4.2. - <i>CD</i></p> <p>LCLB1.4.3. - <i>CAA</i></p>

Obxectivos	g); h)
Contidos	B1.5. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.
Criterios de Avaliación.	B1.5. Aprender a falar en público, en situacións formais e informais, de xeito individual ou en grupo .
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais. LCLB1.5.2. Realiza intervencións non planificadas dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos. LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais. LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.
Competencias Clave.	LCLB1.5.1. - <i>CCL</i> LCLB1.5.2. - <i>CSC</i> LCLB1.5.3. - <i>CCL</i> LCLB1.5.4. - <i>CCL</i>

Obxectivos	a); d); g)
Contidos	B1.6. Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais. B1.7. Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situacións reais ou imaxinarias de comunicación.
Criterios de Avaliación.	B1.6. Participar e valorar a intervención en debates, coloquios e conversas espontáneas.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB1.6.1. Cínguese ao tema, non divaga e atende as instrucións do/da moderador/a en debates e coloquios. LCLB1.6.2. Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e despedida.
Competencias Clave.	LCLB1.6.1. - <i>CSC</i> LCLB1.6.2. - <i>CCL, CSC</i>

BLOQUE 2).- Comunicación escrita : ler e escribir.

Obxectivos	b); h)
Contidos	B2.1. Coñecemento e uso das técnicas e estratexias necesarias para a comprensión de textos escritos.
Criterios de Avaliación.	B2.1. Aplicar estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos.
Estándares de Aprendizaxe.	<p>LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto.</p> <p>LCLB2.1.2. Comprende o significado das palabras propias de nivel formal da lingua e incorpóraas ao seu repertorio léxico.</p> <p>LCLB2.1.3. Relaciona a información explícita e implícita dun texto, e pon en relación co contexto.</p> <p>LCLB2.1.4. Deduce a idea principal dun texto e reconece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.</p> <p>LCLB2.1.5. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña diferentes matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.</p>
Competencias Clave.	<p>LCLB2.1.1. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB2.1.2. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB2.1.3. - <i>CCEC</i></p> <p>LCLB2.1.4. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB2.1.5. - <i>CMCCT</i></p>

Obxectivos	b); h); l)
Contidos	B2.2. Lectura, comprensión e interpretación de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos.
Criterios de Avaliación.	B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
Estándares de Aprendizaxe.	<p>LCLB2.2.1. Localiza, relaciona e secuenciamos informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas.</p> <p>LCLB2.2.2. Interpreta, explica e deduce a información dada en diagramas, gráficas, fotografías, mapas conceptuais, esquemas, etc.</p>
Competencias Clave.	<p>LCLB2.2.1. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB2.2.2. - <i>CMCCT</i></p>

Obxectivos	b); e) ; h)
Contidos	B2.3. Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.
Criterios de Avaliación.	B2.3. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB2.3.1. Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. LCLB2.3.2. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.
Competencias Clave.	LCLB2.3.1. - <i>CD</i> LCLB2.3.2. - <i>CD</i>

Obxectivos	g); h)
Contidos	B2.4. Coñecemento e uso das técnicas e as estratexias para a produción de textos escritos: planificación, obtención de datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.
Criterios de Avaliación.	B2.4. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB2.4.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e redacta borradores de escritura. LCLB2.4.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
Competencias Clave.	LCLB2.4.1. - <i>CSIE</i> LCLB2.4.2. - <i>CCL</i>

Obxectivos	e); h) ; i) l)
Contidos	B2.5. Produción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, educativo ou escolar, e social. B2.6. Produción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, e escritura de textos dialogados.
Criterios de Avaliación.	B2.5. Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB2.5.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, imitando textos modelo. LCLB2.5.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo. LCLB2.5.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.
Competencias	LCLB2.5.1. - <i>CCL</i>

Clave.	LCLB2.5.2. - <i>CCEC</i> LCLB2.5.3. - <i>CMCCT; CD</i>
---------------	---

BLOQUE 3).- Coñecemento da lingua.

Obxectivos	b); h)
Contidos	B3.1. Recoñecemento, uso e explicación das categorías gramaticais: substantivo, adxectivo, determinante, pronome, verbo, adverbio, preposición, conxunción e interxección. B3.2. Coñecemento, uso e valoración das normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas para conseguir unha comunicación eficaz.
Criterios de Avaliación.	B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos. LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais. LCLB3.1.3. Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.
Competencias Clave.	LCLB3.1.1. - <i>CCL</i> LCLB3.1.2. - <i>CCL</i> LCLB3.1.3. - <i>CCL</i>

Obxectivos	b); h)
Contidos	B3.3. Comprensión e interpretación dos compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación.
Criterios de Avaliación.	B3.2. Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.2.1. Diferencia os compoñentes denotativos e connotativos no significado das palabras dentro dunha frase ou un texto oral ou escrito.
Competencias Clave.	LCLB3.2.1. - <i>CCL</i>

Obxectivos	h)
Contidos	B3.4. Coñecemento reflexivo das relacións semánticas que se establecen entre

	as palabras.
Criterios de Avaliación.	B3.3. Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.3.1. Recoñece e usa sinónimos e antónimos dunha palabra, e explica o seu uso concreto nunha frase ou nun texto oral ou escrito.
Competencias Clave.	LCLB3.3.1. - <i>CCL</i>

Obxectivos	h); n)
Contidos	B3.5. Observación, reflexión e explicación dos cambios que afectan o significado das palabras: causas e mecanismos. Metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.
Criterios de Avaliación.	B3.4. Recoñecer os cambios de significado que afectan a palabra no texto: metáfora, metonimia, palabras tabú e eufemismos.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.4.1. Recoñece e explica o uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito. LCLB3.4.2. Recoñece e explica os fenómenos contextuais que afectan o significado global das palabras: tabú e eufemismo.
Competencias Clave.	LCLB3.4.1. - <i>CCEC</i> LCLB3.4.2. - <i>CCEC</i>

Obxectivos	h)
Contidos	B3.6. Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.
Criterios de Avaliación.	B3.5. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto.
Competencias Clave.	LCLB3.5.1. - <i>CCL</i>

Obxectivos	a); h)
Contidos	B3.7. Recoñecemento, uso e explicación dos recursos de modalización en función da persoa que fala ou escribe. Expresión da obxectividade e a subxectividade a través das modalidades oracionais e as referencias internas ao

	emisor e ao receptor nos textos.
Criterios de Avaliación.	B3.6. Identificar a intención comunicativa da persoa que fala ou escribe.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.6.1. Explica a diferenza significativa que implica o uso dos tempos e modos verbais
Competencias Clave.	LCLB3.6.1. - <i>CCL</i>

Obxectivos	i); l)
Contidos	B3.8. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
Criterios de Avaliación.	B3.7. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.7.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
Competencias Clave.	LCLB3.7.1. - <i>CCL</i>

Obxectivos	a); h), i); ñ), o)
Contidos	B3.9. Recoñecemento da diversidade lingüística propia do ámbito persoal, social e mediático.
Criterios de Avaliación.	B3.8. Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.8.1. Coñece e valora a diversidade lingüística de Galicia.
Competencias Clave.	LCLB3.8.1. - <i>CSC</i>

Obxectivos	g); h)
Contidos	B3.10. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.

Criterios de Avaliación.	B3.9. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.9.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.
Competencias Clave.	LCLB3.9.1. - <i>CAA</i>

BLOQUE 4).- Educación literaria.

Obxectivos	h); l), n); c)
Contidos	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
Criterios de Avaliación.	B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás afeccións, amosando interese pola lectura.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.
Competencias Clave.	LCLB4.1.1. - <i>CCL</i>

Obxectivos	h); l), n); c)
Contidos	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
Criterios de Avaliación.	B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e interrelacionando obras literarias, musicais, arquitectónicas, etc. personaxes e temas de todas as épocas.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.). LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes-tipo, temas e formas ao longo de diversos períodos históricoliterarios ata a actualidade.
Competencias Clave.	LCLB4.2.1. - <i>CCEC</i> LCLB4.2.2. - <i>CAA</i>

Obxectivos	h); l), n); c)
Contidos	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo, para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
Criterios de Avaliación.	B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as. LCLB4.3.2. Le en voz alta modulando, adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.
Competencias Clave.	LCLB4.3.1. - <i>CCL; CSC</i> LCLB4.3.2. - <i>CCL</i>

Obxectivos	h); l), n)
Contidos	B4.2. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.
Criterios de Avaliación.	B4.4. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.4.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. LCLB4.4.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.
Competencias Clave.	LCLB4.4.1. - <i>CCL; CCEC</i> LCLB4.4.2. - <i>CAA</i>



OBXECTIVOS DE 2º DE E.S.O. :

1º.- Expresarase por escrito e oralmente de xeito correcto e cohesionado.

2º.- Coñecer as características dos principais tipos de textos: narración, descripción, diálogo, exposición e xéneros xornalísticos.

3º.- Coñecer os distintos xéneros literarios e algunhas manifestacions importantes da literatura.

4º.- Aplicar normas lingüísticas relativas a cuestións ortográficas.

5º.- Coñecer e analizar os elementos morfosintácticos da lingua.

6º.- Coñecer formas das linguaxes non verbais e a súa interacción coa comunicación verbal.

7º.- Ampliar o vocabulario e coñecer os principais fenómenos léxicos e semánticos.

8º.- Comprender, producir e sintetizar diferentes tipos de textos orais e escritos.

9º.- Identificar e respectar os usos de variedades lingüísticas diferentes (con especial atención á coexistencia de dúas linguas en Galicia).

10º.- Crear (breves e sinxelos) textos de intención literaria e valorar a literatura como fonte de pracer e coñecemento.

11º.- Analizar, producir e valorar críticamente mensaxes dos medios de comunicación de masas.

12º.- Valorar e respectar as normas propias dos diálogos, coloquios, debates, etc.

13º.- Saber utilizar a linguaxe como fonte de información e para organizar a propia actividade (resumos, esquemas, reseñas, toma de notas ...).

14º.- Mostrar unha actitude crítica ante calquera uso lingüístico que supoña discriminación.



CONTIDOS DE 2º DE E.S.O. :

BLOQUE 1).- Comunicación oral : escoitar e falar.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

- Comprensión de informacións de actualidade procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Exposición de informacións tomadas dos medios de comunicación poñendo de relevo diferenzas no modo de presentar os feitos en distintos medios.
- Presentación ordenada e clara de informacións previamente preparadas sobre temas do interese do alumnado, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

SEGUNDO TRIMESTRE.

- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico atendendo especialmente á presentación de tarefas e instrucións para a súa realización, a breves exposicións orais e á obtención de informacións dos medios de comunicación en informativos e documentais.
- Participación activa en situacións de comunicación propias do ámbito académico, especialmente nas propostas sobre o modo de organizar a actividade, na achega de informacións útiles para o traballo en común e na exposición de breves informes sobre as tarefas realizadas.

TERCEIRO TRIMESTRE.

- Participación activa en traballos en grupo cooperando e respectando os demais.
- Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, das ideas e dos sentimentos propios e para regular a propia conduta.

BLOQUE 2).- Comunicación escrita : ler e escribir.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

- Os tipos de texto:
 - O resumo.
 - O esquema.
 - A descripción técnica.
 - A descripción literaria.
- A narración.
-

SEGUNDO TRIMESTRE.

- Os tipos de texto:
 - A exposición:
 - Estrutura e explicación dos procesos da exposición.
 - O informe.
- As normas e as instrucións.
- A carta de solicitude.
- Os foros.

TERCEIRO TRIMESTRE.

- O periódico: o periódico dixital.
- A noticia.
- A crónica.

► Hai que facer referencia aos **aspectos interdisciplinares** especialmente na área de Lingua e Literatura Galega e Lingua Castelá e Literatura.

Así o recolle o **Decreto 86/2015 do 25 de Xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia: .
“No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística”.

Deste xeito o Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura e o Departamento Didáctico de Lingua e Literatura Galegas teñen acordado que estes bloques de contido de **Escoitar, falar, e Ler e escribir** sexan tratados e abordados con maior profundidade e detención por parte da programación do Departamento de Lingua Galega e Literatura.

BLOQUE 3).- Coñecemento da lingua.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

Teoría Lingüística:

- As *variedades internas* da lingua:
 - O proceso da comunicación.
 - Variedades sinestráticas e diastráticas da lingua: os *niveis lingüísticos*.
 - *Nivel culto.*
 - *Nivel vulgar.*

- Variedades sinfásicas e diafásicas da lingua: os *registros lingüísticos*.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.7.1. Recoñece a coherencia dun discurso atendendo á intención comunicativa do emisor, identificando a estrutura e a disposición de contidos. LCLB3.7.2. Identifica estruturas textuais (narración, descrición, explicación e diálogo), explica os mecanismos lingüísticos que as diferencian e aplica os coñecementos adquiridos na produción e na mellora de textos propios e alleos.
Competencias Clave.	LCLB3.7.1. - <i>CCL</i> LCLB3.7.2. - <i>CCEC</i>

Obxectivos	a) ; h) ; l)
Contidos	B3.9. Coñecemento das orixes históricas da realidade plurilingüe de España, e valoración como fonte de enriquecemento persoal e como mostra da riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.
Criterios de Avaliación.	B3.8. Coñecer a realidade plurilingüe de España, a distribución xeográfica das súas linguas e dos dialectos, as súas orixes históricas e algúns dos seus trazos diferenciais.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.8.1. Localiza nun mapa as linguas de España e explica algunha das súas características diferenciais, comparando varios textos, recoñece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais. LCLB3.8.2. Recoñece as variedades xeográficas do castelán dentro e fóra de España.
Competencias Clave.	LCLB3.8.1. - <i>CSC</i> LCLB3.8.2. - <i>CSC</i>

Obxectivos	i) ; l)
Contidos	B3.10. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
Criterios de Avaliación.	B3.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.9.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
Competencias Clave.	<i>CCL</i> ; <i>CAA</i>

Obxectivos	g) ; h)
Contidos	B3.11. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada.
Criterios de Avaliación.	B3.10. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB3.10.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.
Competencias Clave.	CAA

BLOQUE 4).- Educación literaria.

Obxectivos	h) ; l) ; n) ; c)
Contidos	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
Criterios de Avaliación.	B4.1. Ler fragmentos ou obras da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás súas afeccións, amosando interese pola lectura.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.1.1. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.
Competencias Clave.	CLL

Obxectivos	h) ; l) ; n) ; c)
Contidos	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
Criterios de Avaliación.	B4.2. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil, próximas aos propios gustos e ás propias afeccións, contribuíndo á formación da personalidade literaria.

Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.
Competencias Clave.	<i>CCEC</i>

Obxectivos	h) ; l) ; n) ; c)
Contidos	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
Criterios de Avaliación.	B4.3. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes (música, pintura, cine, etc.), como expresión do sentimento humano, analizando e relacionando obras literarias, musicais e arquitectónicas, e personaxes, temas, etc. de todas as épocas.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.3.1. Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.
Competencias Clave.	<i>CSC</i>

Obxectivos	h) ; l) ; n) ; c)
Contidos	B4.1. Lectura libre de obras da literatura española e universal, e da literatura xuvenil, como fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo para lograr o desenvolvemento dos seus propios gustos e intereses literarios, e a súa autonomía de lectura.
Criterios de Avaliación.	B4.4. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.4.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as. LCLB4.4.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polo alumnado, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.
Competencias Clave.	LCLB4.4.1. - <i>CLL</i> LCLB4.2.2. - <i>CSC ; CSIEE</i>

Obxectivos	h) ; l) ; n) ; c)
Contidos	B4.2. Aproximación aos xéneros literarios e ás obras máis representativas da literatura española da Idade Media ao Século de Ouro a través da lectura e explicación de fragmentos significativos e, de ser o caso, textos completos.

	Reflexión e superación de estereotipos de xénero, clase, crenzas, etc.
Criterios de Avaliación.	B4.5. Comprender textos literarios representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro recoñecendo a intención do/da autor/a, relacionando o seu contido e a súa forma cos contextos socioculturais e literarios da época, identificando o tema, recoñecendo a evolución dalgúns tópicos e formas literarias, e expresando esa relación con xuízos persoais razoados.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.5.1. Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adapta- dos, e representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria. LCLB4.5.2. Expressa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.
Competencias Clave.	LCLB4.5.1. - <i>CLL</i> LCLB4.5.2. - <i>CCEC</i>

Obxectivos	h) ; l) ; n)
Contidos	B4.3. Redacción de textos de intención literaria a partir da lectura de textos, utilizando as convencións formais do xénero e con intención lúdica e creativa.
Criterios de Avaliación.	B4.6. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.6.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa. LCLB4.6.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.
Competencias Clave.	LCLB4.6.1. - <i>CLL</i> ; <i>CCEC</i> LCLB4.6.2. - <i>CAA</i> ; <i>CCL</i>

Obxectivos	e)
Contidos	B4.4. Consulta e utilización de fontes e recursos variados de información para a realización de traballos.
Criterios de Avaliación.	B4.7. Consultar e citar adecuadamente fontes de información variadas, para realizar un traballo educativo en soporte impreso ou dixital sobre un tema do currículo de literatura, adoptando un punto de vista crítico e persoal, e utilizando as tecnoloxías da información.
Estándares de Aprendizaxe.	LCLB4.7.1. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias estudadas, expresándose con rigor, claridade e coherencia. LCLB4.7.2. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.
Competencias Clave.	LCLB4.7.1. - <i>CSIEE</i> ; <i>CCL</i> LCLB4.7.2. - <i>CD</i>



OBXECTIVOS DE 3º DE E.S.O. :

- 1º.-** Comprender discursos orais, recoñecendo as intencións comunicativas e identificando o tipo de discurso do emisor.
- 2º.-** Comprender discursos escritos, identificando o tipo de texto e empregando estratexias adecuadas de comprensión (selección e resumo de ideas, etc.).
- 3º.-** Expresarse oralmente, tendo en conta o contexto e utilizando un discurso adecuado.
- 4º.-** Expresarse por escrito de forma coherente utilizando correctamente os recursos gramaticais, ortográficos, léxicos e semánticos.
- 5º.-** Expresarse oralmente e por escrito utilizando as diferentes formas de organizar o discurso (narrativo, descriptivo, dialogado e expositivo).
- 6º.-** Coñecer a realidade lingüística de España, especialmente o tema das linguas en contacto.
- 7º.-** Identificar elementos formais da lingua nos seus diversos planos: fonolóxico, morfosintáctico, léxico-semántico e textual.
- 8º.-** Coñecer e manexar toda unha serie básica de conceptos fonolóxicos, morfolóxicos, sintácticos, léxicos e semánticos que lle inicien na reflexión do coñecemento e a descripción lingüística.
- 9º.-** Valorar a diversidade lingüística como unha riqueza individual e social, e respectar esa diversidade.
- 10º.-** Utilizar os recursos comunicativos no intercambio conversacional e escrito con outras persoas.
- 11º.-** Adecuar os recursos comunicativos orais e escritos aos diferentes contextos e situacións.
- 12º.-** Recoñecer e analizar as características dos principais xéneros (informativos, de opinión) na prensa escrita, a programación televisiva e a publicidade.
- 13º.-** Fomentar unha actitude crítica hacia os medios de comunicación de masas.
- 14º.-** Promover o gusto pola lectura a través de textos adecuados.
- 15º.-** Aprender e utilizar técnicas sinxelas de manexo da información: búsqueda, elaboración e presentación, coa axuda dos medios tradicionais e coa aplicación das novas tecnoloxías.
- 16º.-** Descubrir as posibilidades da lectura e da escritura como fonte de enriquecemento persoal e cultural.

17º.- Recoñecer os rasgos que definen os principais xéneros literarios, e as características dos principais autores, movementos e épocas (incidindo xa nunha visión cronolóxica e globalizadora da Historia da Literatura castelá).

18º.- Crear textos literarios sinxelos e empregar diversas técnicas apreñendidas.

19º.- Empregar os mecanismos formais apreñendidos na redacción e creación de textos.

20º.- Recoñecer e evitar os usos da lingua (especialmente nos medios de comunicación de masas) que supoñan calquera tipo de discriminación.



CONTIDOS DE 3º DE E.S.O. :

BLOQUE 1).- Comunicación oral : escoitar e falar.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

- Elementos da comunicación.
- O status socio-cultural e os *niveis lingüísticos*.
- Os *registros lingüísticos* e o contexto comunicativo.
- Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación: *reportaxes, entrevistas, coloquios, debates*.

SEGUNDO TRIMESTRE.

- Exposición da información tomada dos medios de comunicación.
- Explicacións orais sobre feitos da actualidade social, política ou cultural.
- Exposicións e explicacións orais de contidos académicos previamente apreñendidos.

TERCEIRO TRIMESTRE.

- Formas da comunicación oral: a conversación, formas de confianza e de cortesía. A estrutura da conversación.
- Utilización da lingua oral para expoñer coñecementos, opinións, sentimentos propios e para regular a propia conduta.

BLOQUE 2).- Comunicación escrita : ler e escribir.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

- Os textos narrativos.
- A narración:
 - O *tema* e a *estrutura*.
 - O *narrador* e o punto de vista (*modalidade narrativa*).
 - Os *personaxes* e a súa caracterización.
 - O *espacio*.
 - O *tempo*.
- Formas do discurso narrativo:
 - O *diálogo*.
 - O *monólogo*.

SEGUNDO TRIMESTRE.

- Os textos descritivos.
- A descrición:
 - Fases dunha descrición.
 - Tipos de descrición.
 - A descrición de ambientes.
 - A descrición de persoas.
- O cómic e as viñetas:
 - Os planos e ángulos de visión.
 - Os elementos gráficos e os elementos lingüísticos.
 - O guión do cómic e a estrutura do guión.
- Textos da vida cotiá e das relacións sociais:
 - O *diario persoal*, as súas características.
 - O *blog*.
 - A *normativa*.
 - A *convocatoria*.
 - A *acta*.

TERCEIRO TRIMESTRE.

- Os textos xornalísticos:
 - A *reportaxe*. Estrutura da reportaxe. Linguaxe e estilo propio da reportaxe.
 - A *entrevista*: estrutura da entrevista, a linguaxe propia da entrevista.
- Os textos persuasivos:
 - A *publicidade*. O consumidor. Os medios publicitarios. O texto publicitario e a linguaxe publicitaria.

► Hai que facer referencia aos **aspectos interdisciplinares** especialmente na área de Lingua e Literatura Galega e Lingua Castelá e Literatura.

Así o recolle o **Decreto 86/2015 do 25 de Xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia: .
“No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato. Evidentemente, cada lingua ten as súas características propias, que requiren un tratamento e un traballo específicos, pero hai determinados aspectos do currículo que, pola afinidade ou similitude que presentan en ambas as áreas, precisan ben seren abordados de maneira parella, ben seren presentados só nunha lingua pero traballados e practicados en cada unha delas, e utilizar a mesma terminoloxía nas dúas linguas para non dificultar innecesariamente o proceso de aprendizaxe do alumnado. Por tanto, o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos; senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos, pois destas depende o desenvolvemento da competencia xeral en comunicación lingüística”.

Deste xeito o Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura e o Departamento Didáctico de Lingua e Literatura Galegas teñen acordado que estes bloques de contido de **Escoitar, falar, e Ler e escribir** sexan tratados e abordados con maior profundidade e detención por parte da programación do Departamento de Lingua Galega e Literatura.

BLOQUE 3).- Coñecemento da lingua.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

Aspectos lingüísticos:

- A comunicación: elementos do proceso comunicativo.
- A linguaxe e as linguas.
- Sistemas semióticos: síntomas, símbolos e signos.
- O código lingüístico e o signo lingüístico.

- Tipos de unidades lingüísticas e as súas principais características: unidades fonolóxicas, unidades morfolóxicas, unidades sintácticas e unidades semánticas.

Fonoloxía:

- Fonemas/ Sonidos.
- A Fonoloxía/ a Fonética.
- O sistema fonolóxico do castelá.

Léxico e Semántica:

- O dicionario. Os dicionarios e as enciclopedias en soporte electrónico.

Norma e Ortografía:

- Repaso das principais normas de ortografía e acentuación.
- Casos especiais de acentuación.
- A til dicrítica.
- A *b* e a *v*.

SEGUNDO TRIMESTRE.

Gramática:

A).- Morfoloxía:

- O morfema : tipos de morfemas. Clasificación de morfemas.
- A palabra: tipos de palabras segundo o número e o tipo de morfemas que as integren.
- A flexión e a derivación como mecanismos morfolóxicos.
- Palabras derivadas e palabras compostas.

- Morfoloxía da palabra: recoñecemento e análise dos principais tipos de palabras.
 - Morfoloxía verbal.
 - Pronomes persoais.

B).- Sintaxe:

- A frase (sintagma) e os seus tipos.

Léxico e Semántica:

- A polisemia e a monosemia.
- As palabras sinónimas.

Norma e Ortografía:

- Uso de *h*.
- Uso de *g* e de *j*.
- Uso de *c* e de *z*.
- Uso de *x* e de *s*.
- Uso de *ll* e *y*.
- Uso de *r* e de *rr*.

TERCEIRO TRIMESTRE.

Gramática:

Sintaxe:

- A frase e os seus tipos: iniciación á análise sintáctica.
- A frase nominal e a frase preposicional: constituíntes, características estruturais e análise sintáctica.
- A frase sustantiva, adxectiva e adverbial: constituíntes, características estruturais e análise sintáctica.
- A frase simple/ a frase complexa.
- A oración simple e a cláusula: funcións, constituíntes e estrutura.
- As funcións sintácticas da cláusula: PRED., SUX., C.DIR., C.IND., SUPL., C/C., C/AXENT., PRTVO.
- Cláusulas simples e cláusulas complexas.

Léxico e Semántica:

- A homonimia.
- A homonimia e a polisemia.
- Os antónimos e as súas clases.
- O campo semántico.

Norma e Ortografía:

- O punto. Os dous puntos. Os puntos suspensivos.
- A coma.
- O punto e coma.
- A interrogación e a admiración.
- A paréntese.
- A raia.
- As comiñas.

►► Hai que facer referencia aos **aspectos interdisciplinares** especialmente na área de Lingua e Literatura Galega e Lingua Castelá e Literatura.

Así o recolle o **Decreto 86/2015 do 25 de Xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia: .
“No caso das áreas de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, os currículos presentan contidos similares en gran medida, e unha distribución igualmente similar en cada un dos cursos que conforman a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (...)”.

Deste xeito o Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura e o Departamento Didáctico de Lingua e Literatura Galegas teñen acordado que este bloque de contido de **Coñecemento da Lingua** sexa tratado e abordado con maior profundidade e detención por parte da programación do Departamento de Lingua Castelá e Literatura.

BLOQUE 4).- Educación literaria.

PRIMEIRO TRIMESTRE.

- Concepto de Literatura: a dimensión poética e estética da linguaxe.
- A tradición literaria e as literaturas antigas.
- A literatura castelá medieval:
 - Principais autores e obras máis representativas: **Poema de Mio Cid**, Berceo, Arcipreste de Hita e Don Juan Manuel.

SEGUNDO TRIMESTRE.

- O Século XV: o Prerrenacemento.
- Autores e obras prerrenacentistas:
 - O Romancero e os romances.
- O Século XVI: o Renacemento.
- Principais autores e obras da literatura renacentista:
 - Garcilaso de la Vega.
 - Fray Luis de León, San Juan de la Cruz, Santa Teresa de Jesús
 - **El Lazarillo de Tormes**.
 - Cervantes.

TERCEIRO TRIMESTRE.

- O Século XVII: o Barroco.
- Principais autores e obras barrocas:
 - Quevedo e Góngora.
 - Lope de Vega.
 - Calderón de la Barca.
- A literatura do século XVIII: a Ilustración e o Neoclasicismo.
 - Principais autores e obras da ilustración: o padre Feijoo, Cadalso, Jovellanos.
 - O teatro neoclásico: Moratín e **El sí de las niñas**.

▶▶ Lecturas: (Libros de lectura obrigatoria)

Leranse ao longo do curso tres obras literarias. O alumno escollerá unha obra das dúas ofertadas para cada avaliación. A profesora poderá propoñer a lectura doutras obras con carácter voluntario. Estas son as lecturas correspondentes ao curso 2021 - 22, podendo variar nos próximos cursos.

☞ 1ª Avaliación:

■ ARREGUI, María (seudónimo), Saxo y rosas, Madrid, Anaya, Colección Espacio Abierto, nº 29.

☞ 2ª Avaliación:

■ RUÍZ ZAFÓN, Carlos, El Príncipe de la Niebla, Barcelona, Editorial Planeta, Colección Booket, 2011.

☞ 3ª Avaliación:


■ SEPÚLVEDA, Luis, Un viejo que leía novelas de amor, Barcelona, Edit. Tusquets, 1989.


▶▶ No que se refire aos textos literarios, o profesor/ -ora poderá seleccionar outros diferentes aos que propón o libro de texto cando así o considere oportuno, ou ben poderá engadir outros alternativos.


CONTIDOS MÍNIMOS ESIXIBLES PARA OBTENIR UNHA AVALIACIÓN POSITIVA NA MATERIA DE 3º DE E.S.O. .


Os contidos mínimos do currículo de 3º de E.S.O. organízanse a partir das competencias básicas antes citadas.


BLOQUE 1).- Comunicación oral : escoitar e falar.


 Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación audiovisual, como reportaxes e entrevistas emitidos pola radio e pola televisión.


 Exposición da información tomada dun medio de comunicación acerca dun tema de actualidade, respectando as normas que rexen a interacción social.

 Explicacións orais sinxelas de forma ordenada e clara, previamente preparadas, sobre feitos de actualidade social, política ou cultural que sexan do interese do alumnado, con axuda de medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e da comunicación.

 Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico atendendo especialmente á presentación de tarefas e instrucións para a súa realización, a breves exposicións orais e á obtención de información dos medios de comunicación en informativos, documentais, reportaxes ou entrevistas.


 Colaboración en actividades de aprendizaxe individuais ou compartidas, especialmente nas propostas sobre o modo de organizar a actividade, a achega de informacións útiles para o traballo en común e a exposición de informes sobre as tarefas realizadas.


 Participación en actividades de aprendizaxe compartida cooperando e respectando aos demais.


 Utilización da lingua para tomar conciencia dos coñecementos, das ideas e dos sentimentos propios e para regular a propia conduta.


BLOQUE 2).- Comunicación escrita : ler e escribir.


▶▶ Comprensión de textos escritos:

 Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais como convocatorias e regulamentos.

 Comprensión de textos dos medios de comunicación, recoñecendo as diferenzas entre información e opinión en crónicas, reportaxes e entrevistas.

 Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente á consulta, en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información.


 Utilización das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación de forma autónoma para a localización, selección e organización de información.


 Reflexión crítica ante as mensaxes que supoñen calquera tipo de discriminación para fomentar unha sensibilidade crítica fronte a elas.


▶▶ Composición de textos escritos:


 Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais como diarios

persoais, regulamentos ou circulares.


 Composición de textos propios dos medios de comunicación, como reportaxes ou entrevistas destinados a un soporte escrito ou dixital, a audio ou a vídeo.


 Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente textos expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida e organizada mediante esquemas, mapas conceptuais e resumos, así como elaboración de proxectos e informes sobre tarefas e aprendizaxes.


 Utilización da composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar experiencias, opinións e coñecementos propios, e como forma de regular a conduta.


 Dominio das normas de presentación dos textos escritos, tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.


BLOQUE 3).- Coñecemento da lingua.


 Coñecemento das diferenzas entre usos orais informais e formais da lingua e conciencia das situacións comunicativas en que resultan adecuados.

 Recoñecemento e uso dos significados contextuais que poden adquirir as modalidades da oración e as perífrases verbais de carácter modal.

 Identificación e uso das variacións (fórmulas de confianza e de cortesía) que adoptan as formas deícticas en relación coa situación.

 Identificación e uso reflexivo de conectores textuais, con especial atención aos distributivos, de orde, de contraste, de explicación e de causa, e dos mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos, especialmente as nominalizacións e os hiperónimos de significado abstracto como fenómeno, elemento ou característica.

 Recoñecemento e uso coherente das formas verbais nos textos, con especial atención aos valores aspectuais de perífrases verbais.

 Comparación dos diferentes comportamentos sintácticos dun mesmo verbo nalgúns das súas acepcións, identificación do suxeito e dos diferentes complementos verbais, incluíndo entre estas funcións as que teñen forma oracional (subordinadas substantivas, adxectivas e adverbiais) e uso da terminoloxía sintáctica necesaria nas actividades: enunciado, frase, cláusula, oración; suxeito e predicado; suxeito, verbo e complementos; funcións semánticas como axente, causa e paciente; oración activa e oración pasiva; oración transitiva e oración intransitiva; complemento directo, indirecto, suplemento, circunstancial, axente e predicativo ou atributo; oracións subordinadas substantivas, adxectivas e adverbiais.

✍ Uso de procedementos para compoñer enunciados cohesionados, especialmente mediante a transformación de oracións independentes, coordinadas ou xustapostas en subordinadas adverbiais ou en oracións subordinadas mediante as que se expresan diferentes relacións lóxicas: causais, consecutivas, condicionais e concesivas.

✍ Coñecemento das funcións sintácticas características das clases de palabras e análise da súa forma (flexión, afixos, ...), especialmente, no que se refire aos aspectos relacionados coa normativa.

✍ Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios escolares e outras obras de consulta, especialmente sobre o comportamento sintáctico dos verbos (transitivos e intransitivos) e as relacionadas co rexistro e coa normativa.

✍ Interpretación progresivamente autónomo de dicionarios e de correctores ortográficos dos procesadores de texto (deixando patente que **é o alumno quen coñece e domina esas pautas de corrección ortográfica** e non unha praxe automática do uso dun corrector ortográfico).

✍ Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse á norma ortográfica.

BLOQUE 4).- Educación literaria.

✍ Lectura de obras ou fragmentos axeitados á idade, relacionándoos cos grandes períodos e autores da literatura a partir da Idade Media ata o século XVIII.

✍ Recitado de poemas, comparando o tratamento de certos temas recorrentes en distintos períodos literarios e valorando a función dos elementos simbólicos e dos recursos retóricos e métricos no texto.

✍ Lectura de relatos, observando a transformación da narrativa dende a épica medieval en verso á narración moderna en prosa, e do heroe ou heroína como personaxe de novela.

✍ Lectura dramatizada de obras teatrais breves e de fragmentos representativos do teatro clásico español, recoñecendo algunhas características temáticas e formais.

✍ Composición de textos de intención literaria e elaboración de traballos sinxelos sobre as lecturas dirixidas.

✍ Utilización progresivamente autónoma da biblioteca do centro, das do contorno e das bibliotecas virtuais.

✍ Desenvolvemento da autonomía lectora e do aprecio pola literatura como fonte de pracer, de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.



METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.

Na **metodoloxía** hai que ter en conta que a área de Lingua encerra unha certa complexidade polo feito de que en Galicia conviven dúas linguas oficiais; a ensinanza xoga un papel importante na situación harmónica entre ambas linguas, pois debe conquistar que os alumnos as dominen dunha maneira satisfactoria e que valoren dunha forma positiva a diversidade lingüística e cultural. Así pois, o tratamento metodolóxico da área haberá de considerar o tratamento das posibles interferencias lingüísticas, procurando unha mellora no uso simultáneo de ambas. Por todo isto, será preciso traballar a partir dos usos reais que da lingua fagan os alumnos para propiciar patróns lingüísticos que amplíen as súas posibilidades comunicativas.

Será preciso centrarse tanto na lingua oral, como na lingua escrita dunha forma harmónica. Ademais o estudo da Lingua ha de levarse a cabo dunha forma integrada co da Literatura. Trátase de enriquecer a linguaxe avanzando na educación literaria.

En canto á gramática, esta queda subordinada á competencia comunicativa (oral e escrita), se xa en 3º de E.S.O., e máis en 4º da E.S.O. o alumno ha de integrar na súa formación unha serie de contidos propedéuticos fundamentais para a súa formación posterior. En todo caso darase prioridade aos obxectivos de carácter práctico (uso da lingua, dominio da comprensión e a expresión) mediante actividades diferenciadas.

Hai que citar a integración nas diferentes unidades de aspectos relacionados cos temas transversais, de atención á diversidade e de aspectos interdisciplinares.

Dende o punto de vista didáctico, pártese dos intereses dos alumnos e dos coñecementos que estes posúen e procúrase que eles mesmos apreendan as estratexias para apreender. Por tanto, establécese unha metodoloxía sobre todo práctica e funcional, que dará máis importancia aos contidos procedementais. Os alumnos realizarán diferentes tipos de actividades, individuais e en grupo, e participarán na información que se vai suministrando a través de tarefas de análise, reflexión, interpretación, debate, etc.



Os **materiais curriculares** empregados son:



3º E.S.O.:

- LIBRO DE TEXTO: AA.VV., ***3º E.S.O. Vigía – Lengua Castellana y Literatura***, Barcelona, EDITORIAL TEIDE, 2015, ISBN: 978-84-307-8987-0.

- Libreta en espiral para uso exclusivo da materia.
- Dicionario de Lingua Castelá.
- Fotocopias para aspectos puntuais.
- Materiais audiovisuais de apoio.
- 3 Libros de lectura infantil e xuvenil.
- A biblioteca do centro, outras bibliotecas e consulta de bibliotecas virtuais.
- Procesadores de textos e correctores ortográficos.



PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: 3º E.S.O.

A avaliación ha de contribuír a mellorar o rendimento dos alumnos. Para que isto sexa posíbel, é necesario que sexa unha **avaliación continua** e que estea atenta á evolución do proceso global de desenvolvemento do alumno, no plano intelectual, afectivo e social.

A continuación expóñense os criterios a adoptar, que se corresponden cos obxectivos citados.

1º.- Realizarase **avaliación continua**, e valorarase o progreso que van realizando os alumnos. A observación do traballo na aula será fundamental na avaliación de cada alumno: o esforzo, o afán de superación, o interese pola materia e o traballo diario serán decisivos á hora de otorgar unha cualificación aos alumnos.

No primeiro mes, realizarase unha **avaliación inicial**. Os profesores elaborarán unhas fichas a través das cales coñecerán o nivel dos alumnos en diversas cuestións: lectura, comprensión, ortografía, presentación dos traballos, conceptos, procedementos, actitudes, coidado do material, capacidade de abstracción, etc.

2º.- Presentación obrigatoria dos traballos e actividades que ao longo do curso sexan solicitados polo profesor.

3º.- Dominio das regras de ortografía, acentuación e puntuación aprehendidas. Ao final de curso, os alumnos de **3º de E.S.O.** non poderán sobrepasar o límite das **sete faltas de ortografía**.

Baixarase **0'25 por cada falta de ortografía**, e poderase **baixar ata 2 puntos** polo conxunto de faltas de redacción, acentuación, puntuación e presentación. Este criterio será máis flexible cando as características do exercicio escrito obriguen ao uso dun vocabulario máis técnico, culto ou descoñecido polos alumnos, ademais valorarase o contexto lingüístico de linguas en contacto no que se desenvolven os alumnos. En todo caso, valorarase o progreso de cada alumno en particular, tendo en conta o punto de partida, a evolución e o resultado final conxuntamente.

4º.- Lectura de obras literarias obrigatorias e realización de fichas, resumos, controis de lectura, etc. como **requisito previo para aprobar**.

Una nota no control de lectura superior a 7 sumará un punto na nota global da avaliación, unha cualificación inferior ao 5 e ata 4 restará un punto na nota global da avaliación, unha cualificación inferior ao 4 restará 2 puntos na nota global da avaliación.

5º.- Resumir por escrito un texto oral ou escrito e resumir oralmente un texto oral ou escrito diferenciando ideas principais e secundarias, e explicando a intención comunicativa.

6º.- Comprender e resumir textos orais de tipo argumentativo, expositivo ou dialogado.

7º.- Seleccionar varias fontes de información e elaborar unha opinión persoal sobre un tema obxecto de estudo ou integralas nun traballo individual ou de grupo.

8º.- Expoñer oralmente un tema seguindo un guión que se axuste a algún dos tipos de textos analizados na clase.

9º.- Producir textos escritos de tipo narrativo, dialogado, descriptivo, argumentativo e expositivo, tendo en conta o contexto e procurando usar correctamente a norma gramatical, ortográfica e léxica.

Idem. seguindo os distintos Modelos de comunicación escrita presentados na clase.

10º.- Analizar e recoñecer os elementos formais da lingua nos seus diferentes planos: fonolóxico, morfosintáctico (clases de morfemas, estrutura morfolóxica da palabra e os seus tipos, clases de palabras, funcións e estrutura das frases, funcións e análise da cláusula e da oración, tipos de cláusulas e oracións, etc.), léxico-semántico (relacións semánticas, locucións, enriquecemento do léxico, etc.) e textual (párrafos e relacións entre párrafos); e utilízalos na produción, comprensión e revisión de textos.

11º.- Identificar o ámbito xeográfico e socio-histórico das diversas linguas e dialectos de España; valorar as producións propias de cada lingua.

12º.- Identificar e utilizar distintos rexistros da lingua (formal, coloquial...) adecuándoos á situación.

13º.- Distinguir e identificar as características básicas que definen os diversos xéneros literarios. Recoñecer os rasgos temáticos e formais máis relevantes nun texto literario e emitir un xuízo persoal.

14º.- Resumir e expoñer os rasgos básicos das principais épocas literarias, movementos e autores e dominar as súas coordenadas cronolóxicas.

15º.- Producir textos escritos literarios (empregando técnicas de transformación, imitación ...).

16º.- Recoñecer e rexeitar expresións que supoñan algún tipo de discriminación (especialmente dos medios de comunicación).

17º.- Producir textos orais nos que os elementos non verbais enriquezan a mensaxe.

18º.- Producir textos orais e escritos que respecten as normas de coherencia e cohesión, así como a boa presentación (nos escritos).

No primeiro mes, realizarase unha **avaliación inicial**. Os profesores elaborarán unhas fichas a través das cales coñecerán o nivel dos alumnos en diversas cuestións: lectura, comprensión, ortografía, presentación dos traballos, conceptos, procedementos, actitudes, coidado do material, capacidade de abstracción, etc.

Para levar a cabo a **avaliación** utilizaranse diversos **procedementos**:

- Análise do traballo realizado: caderno de clase, textos escritos, producións orais, etc.
- Intercambios orais cos alumnos: diálogos, posta en común, debates, etc.
- Probas concretas: exposición dun tema, resolución de exercicios, controis, exames, etc.
- Traballo diario na clase**: actitude cara á asignatura e participación.

❖ CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 3º E.S.O.:

Tendo en conta a progresión que se ha de dar no alumnado, xa en 3º de E.S.O. cobran maior importancia as probas escritas e a presentación de traballos como instrumentos de avaliación. As probas ou controis non serán tan frecuentes e específicas para cada bloque de contido, como en 1º e 2º de E.S.O., senón que abarcarán máis materia, obrigando aos nosos alumnos a mellorar no seu hábito de estudo, na planificación do mesmo e véndose na necesidade de **levar a materia ao día** para poder afrontar con maior facilidade a proba escrita.

▶▶ **Corrección escrita y ortográfica:**

Neste nivel os alumnos deberán ter alcanzado un alto grao de corrección escrita e capacidade de autocorrección, demostrando que foron apreñados os contidos traballados no primeiro ciclo. En 3º de E.S.O. **os exercicios escritos non poderán conter máis de sete faltas de ortografía** para poder obter unha cualificación positiva. Como xa quedou enunciado nos criterios de avaliación, **restarase 0,25 puntos por cada falta de ortografía**, ao non ser que se trate de palabras pertencentes a un vocabulario máis técnico ou culto e, polo tanto, descoñecido para o alumno. As faltas de redacción, acentuación, puntuación e presentación influirán na nota global do exercicio, de modo que esta reflexará a precisión e apreñación dos contidos, pero tamén a capacidade de corrección expresiva.

▶▶ **Contidos:**

O instrumento de avaliación para os contidos será esencialmente probas escritas e a presentación de traballos sobre distintos aspectos traballados na clase e que se precisan en cada trimestre no bloque de técnicas de traballo. Básicamente haberá dous exámenes, probas ou controis por trimestre, nos que se examinará aos alumnos sobre os contidos traballados en todos os bloques. A cualificación dos contidos será a nota media de ambas notas, no podendo ser ningunha delas inferior a tres puntos, pois se podería dar o caso de alumnos que se despreocupen por unha parte dos contidos.

▶▶ Participación nas actividades da aula:

Para que un alumno obteña unha cualificación positiva na materia, **non só terá que superar as probas escritas, senón que tamén terá que participar activamente nas actividades da aula:**

- ▶ Realizando os exercicios e participando de forma habitual nas actividades propostas polo profesor.
- ▶ Realizando os traballos de investigación que se propoñen para cada trimestre, demostrando un mínimo de interese e calidade nos mesmos.
- ▶ **Lendo os libros de lectura que se propoñen para cada trimestre e demostrando, mediante controis de lectura escritos, a capacidade de comprensión e a aplicación dos aspectos sobre a narración que se teñan traballado en clase. Unha nota no control de lectura superior a 7 engadirá un punto na nota global da avaliación, unha cualificación inferior ao 5 e ata 4 restará 1 punto na nota global da avaliación, unha cualificación inferior ao 4 restará 2 puntos na nota global da avaliación.**

A cualificación global de cada trimestre será o resultado da observación de todos estes aspectos, de modo que non se dará o caso de alumnos aprobados por ter superado os controis escritos, pero que non participaron nas actividades diarias da aula.

▶▶ Faltas de asistencia e seguimento da materia:

O Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura asume para todos os ciclos, cursos e materias o Artigo 46 do Regulamento de Réxime Interno do I.E.S. de Viós: ***"Cando un alumno teña máis dun 10% de faltas de asistencia inxustificadas nunha materia, perderá o dereito á avaliación continua. O Departamento correspondente determinará as probas de avaliación que deberá realizar nas dúas últimas semanas do curso"***.

O Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura elaborará nesas datas exames, fichas, probas orais, realización de exercicios, revisión de libretas e/ou cadernos de traballo, etc., para comprobar e valorar a evolución académica deste tipo de alumnos, por ter sido imposible un seguimento continuo e progresivo na aula.

▶▶ Exames en convocatorias extraordinarias e avaliación de materias pendentes:

O Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura elaborará probas escritas para as distintas convocatorias de avaliación establecidas pola Lexislación Educativa en base a estes principios:

1º.- Os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e criterios de cualificación serán os mesmos que se detallan para cada unha das materias que imparte este Departamento.

2º.- Nestas probas extraordinarias pódese esixir controis, fichas ou traballos de lectura sobre as **obras de lectura obrigatorias** correspondentes aos distintos cursos e niveis.

■ **Avaliación de materias pendentes.**

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura (como o resto dos Departamentos do I.E.S. de Viós que imparten materias progresivas) acordou adoptar o seguinte sistema para a avaliación de alumnos con calquera das materias do noso Departamento pendente:

1º.- Mediante un Plan de Traballo: O alumno realizará as actividades ou traballos que se lle propoñan sobre os contidos da materia pendente ao longo do curso. Realizará ademais dous exames ou probas puntuais escritas (segundo programación de Xefatura de Estudos) nos meses de Xaneiro e Abril. O alumno ten que acadar nestas probas unha nota mínima dun 4, se realizou correctamente as actividades ou traballos propostos polo Departamento ao longo do curso, poderá sumar ata 1 punto á cualificación de cada proba, polo que acadará o aprobado na materia pendente.

2º.- Mediante Probas Globais ou Finais da materia pendente: Xefatura de Estudos programará nos meses de Maio e Setembro probas Globais para alumnos con materias pendentes. O alumno que acade nestas probas unha cualificación igual ou superior a 5 puntos aprobará a materia pendente correspondente.

❖ A Materia de *Lingua Castelá e Literatura* de 4º de E.S.O.

Conforme adiantamos na Introdución desta Programación, en **primeiro lugar**, realizamos unha aproximación aos fundamentos básicos do currículo oficial : obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave no ámbito da Lingua Castelá e Literatura. En **segundo lugar**, presentamos a concreción do currículo de Lingua Castelá e Literatura de 4º de E.S.O. segundo a práctica docente na aula do profesorado deste Departamento Didáctico do .I.E.S. de Viós – Abegondo.

BLOQUE 1).- **Comunicación oral : escoitar e falar.**

Obxectivos	h) , m)
Contidos	B1.1. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación co ámbito de uso: persoal, educativo, social e laboral.
Criterios de Avaliación.	B1.1. Comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.
Estándares de Aprendizaxe.	<p>LCLB1.1.1. Comprende o sentido global de textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo e laboral, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.</p> <p>LCLB1.1.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.</p> <p>LCLB1.1.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas.</p> <p>LCLB1.1.4. Distingue as partes en que se estruturan as mensaxes orais e a relación entre discurso e contexto.</p> <p>LCLB1.1.5. Distingue entre información e opinión en mensaxes procedentes dos medios de comunicación, e entre información e persuasión en mensaxes publicitarias orais, identificando as estratexias de enfatización e expansión.</p> <p>LCLB1.1.6. Segue e interpreta instrucións orais.</p>
Competencias Clave.	<p>LCLB1.1.1. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB1.1.2. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB1.1.3. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB1.1.4. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB1.1.5. - <i>CSC</i></p> <p>LCLB1.1.6. - <i>CCL</i></p>

Obxectivos	h) , m)
Contidos	B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais en relación coa súa finalidade: textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos. Diálogo.
Criterios de Avaliación.	B1.2. Comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.
Estándares de Aprendizaxe.	<p>LCLB1.2.1. Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a estrutura e a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.</p> <p>LCLB1.2.2. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.</p> <p>LCLB1.2.3. Retén información relevante e extrae informacións concretas.</p> <p>LCLB1.2.4. Interpreta e valora aspectos concretos do contido de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un punto de vista particular.</p> <p>LCLB1.2.5. Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, busca en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).</p> <p>LCLB1.2.6. Resume textos narrativos, descritivos, expositivos e argumentativos de forma clara, recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.</p>
Competencias Clave.	<p>LCLB1.2.1. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB1.2.2. - <i>CCL</i></p> <p>LCLB1.2.3. - <i>CAA</i></p> <p>LCLB1.2.4. - <i>CCL, CAA</i></p> <p>LCLB1.2.5. - <i>CD</i></p> <p>LCLB1.2.6. - <i>CAA</i></p>

Obxectivos	h)
Contidos	B1.3. Observación e comprensión do sentido global de debates, coloquios, entrevistas e conversas espontáneas, da intención comunicativa de cada interlocutor/a e aplicación das normas básicas que regulan a comunicación.
Criterios de Avaliación.	B1.3. Comprender o sentido global e a intención de textos orais.
Estándares de Aprendizaxe.	<p>LCLB1.3.1. escoita, observa e interpreta o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os espontáneos.</p> <p>LCLB1.3.2. Recoñece e explica as características da linguaxe conversacional</p>

 Comprensión de textos dos medios de comunicación atendendo especialmente aos xéneros de opinión, como editoriais ou columnas.


 Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente á consulta, en diversos soportes, de dicionarios, glosarios e outras fontes de información, incluíndo fragmentos de ensaios.


 Utilización das bibliotecas e das tecnoloxías da información e da comunicación de forma autónoma para a localización, selección e organización de información.


 Reflexión crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación para fomentar unha sensibilidade crítica fronte a elas.


▶▶ Composición de textos escritos:

 Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais como foros, solicitudes e instancias, reclamacións, curricula vitae e folletos.


 Composición de textos propios dos medios de comunicación como cartas ao director e artigos de opinión (editoriais e columnas), destinados a un soporte escrito ou dixital.


 Composición, en soporte papel ou dixital, de textos propios do ámbito académico, especialmente textos expositivos, explicativos e argumentativos elaborados a partir da información obtida en diversas fontes e organizada mediante esquemas, mapas conceptuais e resumos, así como a elaboración de proxectos e informes sobre tarefas e aprendizaxes.


 Utilización da composición escrita como fonte de información e aprendizaxe, como forma de comunicar as experiencias e os coñecementos propios, e como forma de regular a conduta.


 Dominio das normas de presentación dos textos escritos tanto en soporte papel como dixital, con respecto ás normas gramaticais, ortográficas e tipográficas.


Bloque 3º.- Coñecemento da lingua:


 Coñecemento dos diferentes rexistros e dos factores que inciden no uso da lingua en distintos ámbitos sociais e valoración da importancia de usar o rexistro adecuado segundo as circunstancias da situación comunicativa.


 Coñecemento da diversidade lingüística de España (linguas e dialectos), análise dos factores que inciden na relación das linguas da nosa comunidade, e reflexión sobre a situación actual do español no mundo.


 Recoñecemento e utilización dalgúñas formas de expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo e argumentativo e identificación e uso das variacións que adoptan as formas deícticas en relación coas situacións de comunicación.


 Identificación e uso reflexivo de distintos procedementos de conexión nos textos, con especial atención a conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, e dos mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna, favorecendo a autonomía na revisión dos propios textos.

 Recoñecemento e uso coherente da correlación temporal na coordinación e subordinación de oracións e no discurso relatado (paso de estilo directo a indirecto).


 Recoñecemento dos esquemas semántico e sintáctico da oración, construción e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria nas actividades: enunciado, frase e oración; suxeito e predicado; predicado nominal e predicado verbal; suxeito, verbo e complementos; axente, causa e paciente; oración impersonal; oración activa e oración pasiva; oración transitiva e intransitiva; complemento directo, indirecto, de réxime, circunstancial, axente e atributo; oracións subordinadas substantivas, adxectivas e adverbiais.

 Uso de procedementos para compoñer os enunciados cun estilo cohesionado e emprego dos seguintes termos: aposición; adxectivo e oración de relativo explicativos; construción de participio e de xerundio; oración coordinada (copulativa, disxuntiva, adversativa e consecutiva); subordinada causal, consecutiva, condicional e concesiva.

 Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras, así como coñecemento dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para o cambio de categoría.


 Interpretación das informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios da lingua (gramaticais, semánticas, rexistro e normativa).


 Uso con certa autonomía de dicionarios e correctores ortográficos dos procesadores de textos.


 Coñecemento e uso reflexivo das normas ortográficas, empregando os termos apropiados na explicación sobre o uso (síllaba tónica, til diacrítico, etc.) e apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse á norma lingüística.


Bloque 4º.- Educación literaria:


 Lectura de novelas e de relatos desde o século XIX ata a actualidade.


 Recitado de poemas contemporáneos, con especial atención ás achegas do simbolismo e das vangardas á linguaxe poética, valorando a función dos elementos simbólicos e dos recursos retóricos e métricos no poema.


 Lectura de relatos contemporáneos de diverso tipo que ofrezan distintas estruturas e voces narrativas.


 Lectura dramatizada de breves pezas teatrais contemporáneas, ou de fragmentos, de carácter diverso constatando algunhas innovacións nos temas e nas formas.

 Coñecemento das características xerais dos grandes períodos da historia da literatura desde o século XIX ata a actualidade.

 Achegamento a algúns autores e autoras relevantes das literaturas hispánicas e europea desde o século XIX ata a actualidade.

 Composición de textos de intención literaria e elaboración de traballos sobre as lecturas dirixidas.

 Utilización con certa autonomía da biblioteca do centro, das do contorno e de bibliotecas virtuais.

 Desenvolvemento da autonomía lectora e aprecio pola literatura como fonte de pracer e de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.



METODOLOXÍA E MATERIAIS CURRICULARES.

Na **metodoloxía** hai que ter en conta que a área de Lingua encerra unha certa complexidade polo feito de que en Galicia conviven dúas linguas oficiais; a ensinanza xoga un papel importante na situación harmónica entre ambas linguas, pois debe conquistar que os alumnos as dominen dunha maneira satisfactoria e que valoren dunha forma positiva a diversidade lingüística e cultural. Así pois, o tratamento metodolóxico da área haberá de considerar o tratamento das posibles interferencias lingüísticas, procurando unha mellora no uso simultáneo de ambas. Por todo isto, será preciso traballar a partir dos usos reais que da lingua fagan os alumnos para propiciar patróns lingüísticos que amplíen as súas posibilidades comunicativas.

Será preciso centrarse tanto na lingua oral, como na lingua escrita dunha forma harmónica. Ademais o estudo da Lingua ha de levarse a cabo dunha forma integrada co da

Literatura. Trátase de enriquecer a linguaxe avanzando na educación literaria.

En canto á gramática, esta queda subordinada á competencia comunicativa (oral e escrita), se ben no segundo ciclo da E.S.O. o alumno ha de integrar na súa formación unha serie de contidos propedéuticos fundamentais para a súa formación posterior. En todo caso darase prioridade aos obxectivos de carácter práctico (uso da lingua, dominio da comprensión e a expresión) mediante actividades diferenciadas.

Hai que citar a integración nas diferentes unidades de aspectos relacionados cos temas transversais, de atención á diversidade e de aspectos interdisciplinares.

Dende o punto de vista didáctico, pátense dos intereses dos alumnos e dos coñecementos que estes posúen e procúrase que eles mesmos apreñendan as estratexias para apreñender. Por tanto, establécese unha metodoloxía sobre todo práctica e funcional, que dará máis importancia aos contidos procedementais. Os alumnos realizarán diferentes tipos de actividades, individuais e en grupo, e participarán na información que se vai suministrando a través de tarefas de análise, reflexión, interpretación, debate, etc.

Os **materiais curriculares** empregados son:



4º E.S.O.:

- LIBRO DE TEXTO: AA.VV., *4º E.S.O. Vigía – Lengua Castellana y Literatura*, Barcelona, EDITORIAL TEIDE, 2016, ISBN: 978-84-307-9167-5.

- Libreta en espiral para uso exclusivo da materia.
 - Dicionario de Lingua Castelá.
 - Fotocopias para aspectos puntuais.
 - Materiais audiovisuais de apoio.
 - 3 Libros de lectura xuvenil.
 - A biblioteca do centro, outras bibliotecas e consulta de bibliotecas virtuais.
- Procesadores de textos e correctores ortográficos.



PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

4º E.S.O.

A avaliación ha de contribuír a mellorar o rendimento dos alumnos. Para que isto sexa posíbel, é necesario que sexa unha **avaliación continua** e que estea atenta á evolución do proceso global de desenvolvemento do alumno, no plano intelectual, afectivo e social.

A continuación expóñense os criterios a adoptar, que se corresponden cos obxectivos citados.

1º.- Realizarase **avaliación continua**, e valorarase o progreso que van realizando os alumnos. A observación do traballo na aula será fundamental na avaliación de cada

alumno: o esforzo, o afán de superación, o interese pola materia e o traballo diario serán decisivos á hora de otorgar unha cualificación aos alumnos.

No primeiro mes, realizarase unha **avaliación inicial**. Os profesores elaborarán unhas fichas a través das cales coñecerán o nivel dos alumnos en diversas cuestións: lectura, comprensión, ortografía, presentación dos traballos, conceptos, procedementos, actitudes, coidado do material, capacidade de abstracción, etc.

2º.- Presentación obrigatoria dos traballos e actividades que ao longo do curso sexan solicitados polo profesor.

3º.- Dominio das regras de ortografía, acentuación e puntuación aprehendidas. Ao final de curso, os alumnos de **4º de E.S.O.** non poderán sobrepassar o límite das **cinco faltas de ortografía**.

Baixarase **0'25 por cada falta de ortografía**, e poderase **baixar ata 2 puntos** polo conxunto de faltas de redacción, acentuación, puntuación e presentación. Este criterio será máis flexible cando as características do exercicio escrito obriguen ao uso dun vocabulario máis técnico, culto ou descoñecido polos alumnos, ademais valorarase o contexto lingüístico de linguas en contacto no que se desenvolven os alumnos. En todo caso, valorarase o progreso de cada alumno en particular, tendo en conta o punto de partida, a evolución e o resultado final conxuntamente.

4º.- Lectura de obras literarias obrigatorias e realización de fichas, resumos, controis de lectura, etc. como **requisito previo para aprobar**.

Una nota no control de lectura superior a 7 sumará un punto na nota global da avaliación, unha cualificación inferior ao 5 e ata 4 restará un punto na nota global da avaliación, unha cualificación inferior ao 4 restará 2 puntos na nota global da avaliación.

5º.- Resumir por escrito un texto oral ou escrito e resumir oralmente un texto oral ou escrito diferenciando ideas principais e secundarias, e explicando a intención comunicativa.

6º.- Comprender e resumir textos orais de tipo argumentativo, expositivo ou dialogado.

7º.- Seleccionar varias fontes de información e elaborar unha opinión persoal sobre un tema obxecto de estudo ou integralas nun traballo individual ou de grupo.

8º.- Expoñer oralmente un tema seguindo un guión que se axuste a algún dos tipos de textos analizados na clase.

9º.- Producir textos escritos de tipo narrativo, dialogado, descriptivo, argumentativo e expositivo, tendo en conta o contexto e procurando usar correctamente a norma gramatical, ortográfica e léxica.

Idem. seguindo os distintos Modelos de comunicación escrita presentados na clase.

10º.- Analizar e recoñecer os elementos formais da lingua nos seus diferentes planos: fonolóxico, morfosintáctico (clases de morfemas, estrutura morfolóxica da palabra e os seus tipos, clases de palabras, funcións e estrutura das frases, funcións e análise da cláusula e da oración, tipos de cláusulas e oracións, etc.), léxico-semántico (relacións semánticas, locucións, enriquecemento do léxico, etc.) e textual (párrafos e relacións entre párrafos); e utilízalos na produción, comprensión e revisión de textos.

11º.- Identificar o ámbito xeográfico e socio-histórico das diversas linguas e dialectos de España; valorar as producións propias de cada lingua.

12º.- Identificar e utilizar distintos rexistros da lingua (formal, coloquial...) adecuándoos á situación.

13º.- Distinguir e identificar as características básicas que definen os diversos xéneros literarios. Recoñecer os rasgos temáticos e formais máis relevantes nun texto literario e emitir un xuízo persoal.

14º.- Resumir e expoñer os rasgos básicos das principais épocas literarias, movementos e autores e dominar as súas coordenadas cronolóxicas.

15º.- Producir textos escritos literarios (empregando técnicas de transformación, imitación ...).

16º.- Recoñecer e rexeitar expresións que supoñan algún tipo de discriminación (especialmente dos medios de comunicación).

17º.- Producir textos orais nos que os elementos non verbais enriquezan a mensaxe.

18º.- Producir textos orais e escritos que respecten as normas de coherencia e cohesión, así como a boa presentación (nos escritos).

No primeiro mes, realizarase unha **avaliación inicial**. Os profesores elaborarán unhas fichas a través das cales coñecerán o nivel dos alumnos en diversas cuestións: lectura, comprensión, ortografía, presentación dos traballos, conceptos, procedementos, actitudes, coidado do material, capacidade de abstracción, etc.

Para levar a cabo a **avaliación** utilizaranse diversos **procedementos**:

- Análise do traballo realizado: caderno de clase, textos escritos, producións orais, etc.
- Intercambios orais cos alumnos: diálogos, posta en común, debates, etc.
- Probas concretas: exposición dun tema, resolución de exercicios, controis, exames, etc.

- Traballo diario na clase: actitude cara á asignatura e participación.
- Controis de Lectura.

❖ CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN PARA 4º DA E.S.O.:

Tendo en conta a progresión que se ha de dar no alumnado, no segundo ciclo cobran maior importancia as probas escritas e a presentación de traballos como instrumentos de avaliación. As probas ou controis non serán tan frecuentes e específicas para cada bloque de contido, como no primeiro ciclo, senón que abarcarán máis materia, obrigando aos nosos alumnos a mellorar no seu hábito de estudo, na planificación do mesmo e véndose na necesidade de levar a materia ao día para poder afrontar con maior facilidade a proba escrita.

▶▶ Corrección escrita y ortográfica:

Neste nivel os alumnos deberán ter alcanzado un alto grao de corrección escrita e capacidade de autocorrección, demostrando que foron apreñados os contidos traballados no primeiro ciclo. No segundo ciclo da E.S.O. **os exercicios escritos non poderán conter máis de sete faltas de ortografía** para poder obter unha cualificación positiva. Como xa quedou enunciado nos criterios de avaliación, **restarase 0,25 puntos por cada falta de ortografía**, ao non ser que se trate de palabras pertencentes a un vocabulario máis técnico ou culto e, polo tanto, descoñecido para o alumno. As faltas de redacción, acentuación, puntuación e presentación influirán na nota global do exercicio, de modo que esta reflexará a precisión e apreñación dos contidos, pero tamén a capacidade de corrección expresiva.

▶▶ Contidos:

O instrumento de avaliación para os contidos será esencialmente probas escritas e a presentación de traballos sobre distintos aspectos traballados na clase e que se precisan en cada trimestre no bloque de técnicas de traballo. Básicamente haberá dous exámenes ou controis por trimestre, nos que se examinará aos alumnos sobre os contidos traballados en todos os bloques. Un destes exames é o que denominamos **PROBA**: que se poderá realizar sen concretar a data de realización, pois unha das eivas máis importantes que detectamos no noso alumnado é a falta de planificación do seu traballo e ausencia dun seguimento diario do traballo e estudo dos contidos vistos na clase (especialmente grave no **Bloque 4º.- Educación literaria**). Esta PROBA avaliarase do seguinte xeito:

- Se o alumno evidencia un traballo e estudo diario, e un coñecemento e apreñación adecuado dos contidos avaliados obterá + **0'5** puntos na nota global da Avaliación.
- Se o alumno evidencia un mínimo traballo e estudo diario, e un parcial coñecemento e apreñación dos contidos avaliados obterá un **aprobado** nesta PROBA, e a cualificación non lle sumará, nin restará na nota global da Avaliación.
- Se o alumno evidencia un nulo un traballo e estudo diario, e un descoñecemento e

nula aprehensión dos contidos avaliados obterá - 0'5 puntos na nota global da Avaliación.

A cualificación dos contidos será a cualificación obtida en ambas notas.

▶▶ **Participación nas actividades da aula:**

Para que un alumno obteña unha cualificación positiva na materia, **non só terá que superar as probas escritas, senón que tamén terá que participar activamente nas actividades da aula:**

- ▶ Realizando os exercicios e participando de forma habitual nas actividades propostas polo profesor.
- ▶ Realizando os traballos de investigación que se propoñen para cada trimestre, demostrando un mínimo de interese e calidade nos mesmos.
- ▶ Lendo os libros de lectura que se propoñen para cada trimestre e demostrando, mediante controis de lectura escritos, a capacidade de comprensión e a aplicación dos aspectos sobre a narración que se teñan traballado en clase. Unha nota no control de lectura superior a 7 engadirá un punto na nota global da avaliación, unha cualificación inferior ao 5 e ata 4 restará 1 punto na nota global da avaliación, unha cualificación inferior ao 4 restará 2 puntos na nota global da avaliación.

A cualificación global de cada trimestre será o resultado da observación de todos estes aspectos, de modo que non se dará o caso de alumnos aprobados por ter superado os controis escritos, pero que non participaron nas actividades diarias da aula.

▶▶ **Faltas de asistencia e seguimento da materia:**

O Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura asume para todos os ciclos, cursos e materias o Artigo 46 do Regulamento de Réxime Interno do I.E.S. de Viós: ***"Cando un alumno teña máis dun 10% de faltas de asistencia inxustificadas nunha materia, perderá o dereito á avaliación continua. O Departamento correspondente determinará as probas de avaliación que deberá realizar nas dúas últimas semanas do curso"***.

O Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura elaborará nesas datas exames, fichas, probas orais, realización de exercicios, revisión de libretas e/ou cadernos de traballo, etc., para comprobar e valorar a evolución académica deste tipo de alumnos, por ter sido imposible un seguimento continuo e progresivo na aula.

▶▶ **Exames en convocatorias extraordinarias e avaliación de materias pendentes:**

O Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura elaborará probas escritas para as distintas convocatorias de avaliación establecidas pola Lexislación Educativa en base a estes principios:

1º.- Os obxectivos, contidos , criterios de avaliación e criterios de cualificación serán os mesmos que se detallan para cada unha das materias que imparte este Departamento.

2º.- Nestas probas extraordinarias pódese esixir controis, fichas ou traballos de lectura sobre as obras de lectura obrigatorias correspondentes aos distintos cursos e niveis.

■ **Avaliación de materias pendentes.**

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura (como o resto dos Departamentos do I.E.S. de Viós que imparten materias progresivas) acordou adoptar o seguinte sistema para a avaliación de alumnos con calquera das materias do noso Departamento pendente:

1º.- Mediante un Plan de Traballo: O alumno realizará as actividades ou traballos que se lle propoñan sobre os contidos da materia pendente ao longo do curso. Realizará ademais dous exames ou probas puntuais escritas (segundo programación de Xefatura de Estudos) nos meses de Xaneiro e Abril. O alumno ten que acadar nestas probas unha nota mínima dun 4, se realizou correctamente as actividades ou traballos propostos polo Departamento ao longo do curso, poderá sumar ata 1 punto á cualificación de cada proba, polo que acadará o aprobado na materia pendente.

2º.- Mediante Probas Globais ou Finais da materia pendente: Xefatura de Estudos programará nos meses de Maio e Setembro probas Globais para alumnos con materias pendentes. O alumno que acade nestas probas unha cualificación igual ou superior a 5 puntos aprobará a materia pendente correspondente.

❖ **Criterio de Avaliación e incidencia do *Abandono de Materia.***

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura asume o Criterio de Avaliación de Abandono de Materia, que aparece nos criterios Xerais do Centro, conforme foi aprobado pola C.C.P e polo Claustro do I.E.S. De Viós o día 16 de Setembro de 2019.

O Departamento de Lingua Castelá e Literatura aplicará este criterio en 1º, 2º, 3º e 4º de E.S.O. do xeito seguinte:

Ao longo da Programación Didáctica do noso Departamento, nos apartados adicados aos **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**, en todos os cursos recóllese literalmente o seguinte criterio de avaliación :

- *“A lectura de obras literarias obrigatorias e realización de fichas, resumos, controis de lectura, etc. como requisito previo para aprobar esta materia”.*

Este criterio de Avaliación constitúe o **aspecto básico a ter en conta para decidir un caso de abandono da materias que imparte o noso Departamento Didáctico.**

A maiores , o Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura asume os criterios acordados na Comisión de Coordinación Pedagóxica que aprobou este aspecto:

A).- Que o alumno/-a non traia, sistematicamente, o material de traballo a clase.

B).- Que o alumno/-a non participe na clase, nen saiba responder a ningunha pregunta oral e non realice os traballos e actividades requeridas.

C).- Que o alumno/-a deixe, sistematicamente, os exames en branco, ou os resposte sen interese e xeito ningún.

A reiteración de todas estas condutas simultaneamente, levará a considerar que o alumno/-a **abandona a materia.**”

❖ **Tratamento dos Elementos Transversais nas materias impartidas polo noso Departamento.**

Pártese do feito de que son temas que deben percorrer toda a actividade docente e estar na aula de forma permanente e abordanse de forma equilibrada, en tanto que se refiren a problemas fundamentais da sociedade actual. As características da nosa área permiten tratar algúns dunha forma máis evidente, pero todos estarán presentes dun xeito ou doutro. O seu tratamento maniféstase de diversos modos:

- A través da selección de textos e o traballo con eles, en tanto que eses textos reflecten actitudes, valores e xeitos de pensar.
- A través de exposicións e debates orais guiados polo profesor.

O tratamento destes temas farase sobre todo a través da exploración dos textos iniciais e a través das obras de lectura obrigatoria, xa que para a súa selección tívoise en conta, entre outros, o criterio da súa adecuación para desenvolver en clase o tratamento destes elementos transversais . Isto propicia diversas actividades:

- Comprensión de textos relacionados con eses temas.
- Expresión das propias opinións, sentimentos, desexos e conductas.
- Debates, exposicións, relacións entre diversos temas, etc.

A continuación cítanse algúns temas a tratar e os obxectivos:

Educación para o consumidor:

- Recoñeceranse e analizaranse os rasgos básicos da publicidade.
- Fomentarase unha actitude crítica hacia tódolos medios de comunicación de masas.

- Tomarase conciencia de cáles son as necesidades básicas e cáles son as necesidades que xera o consumo.

Educación para a igualdade de oportunidades:

- Identificaranse e analizaranse críticamente as manifestacións sexistas ou discriminatorias dos medios de comunicación de masas. Fomentaranse os valores de respecto ante a diversidade dos sexos.
- Recoñeceranse e evítanse os usos da lingua que supoñan calquera tipo de discriminación.

☐ Educación ambiental:

- Recoñecer e analizar criticamente as mensaxes que dan os medios de comunicación sobre a natureza, o medio ambiente e a acción humana sobre o mesmo.
- Comprender conceptos básicos sobre o medio ambiente.

☐ Educación moral e cívica. Educación para a paz:

- Coñecer e respectar a variedade lingüística de España, como unha riqueza e patrimonio de todos.
- Analizar criticamente as mensaxes discriminatorias de tipo lingüístico e cultural dos medios de comunicación, e valorar o papel dos medios no desenvolvemento da convivencia pacífica.
- Reixetar usos da lingua cun fin discriminatorio ou como fonte de conflitos, e fomentar o uso da lingua como vehículo de convivencia e tolerancia.

☐ Educación para a saúde:

- Interpretar a lectura e a expresión escrita e oral como unha fonte para mellorar a calidade de vida, coñecer a realidade e configurar o propio pensamento.
- Valorar criticamente os efectos que poden ter para a saúde os usos indiscriminados dos medios de comunicación ou un seguimento non crítico deles. Usalos como fonte de benestar.

☐ Educación vial:

- Analizar criticamente as mensaxes dos medios de comunicación de masas sobre o consumo de vehículos e educación vial.
- Identificar, ler e interpretar correctamente os signos e sinais de tráfico.
- A perigosidade do biomio vehículo / alcohol.

❖ **Actividades Complementarias e Extraescolares.**

Os membros do Departamento acordan deixar aberta a posibilidade de realizar diversas actividades complementarias e/ou extraescolares, sen concretar datas, pois en moitos casos estas dependerán da oferta de representacións teatrais ou conferencias, etc., que se levasen a cabo durante o curso académico en zonas próximas (Abegondo, Betanzos, A Coruña,...).

A denominación das posibles actividades é a que segue:

- Posibilidade de invitar ao centro a algún grupo teatral ou algúns contacontos uo outro tipo de espectáculo.

- Posibilidade de asistencia a conferencias ou organización das mesmas,.Posibilidade de asistencia a representacións teatrais, cine, recitais poéticos, etc.

- Posibilidade de realizar visitas culturais (exposicións, bibliotecas, museos, itinerarios artísticos, literarios, etc.).

- Posibilidade de realizar algún Concurso Literario ou Certame de Creación Literaria que potencie o seu gusto e dispoñibilidade para participar neste tipo de actividades de expresión e creatividade artística.

Polos motivos expostos, non se concreta apenas o lugar de celebración, aínda que nalgún caso podería ser o I.E.S. de Viós.

En xeral, podería tratar de actividades de carácter complementario e/ou extraescolar.

Os **obxectivos** que se pretenden alcanzar con este tipo de actividades son, entre outros, os seguintes:

- Perfeccionar as técnicas de comunicación oral e escrita (recitación, dramatización, coloquio, etc).
- Valorar os textos, o teatro, o cine ... como fonte de información, formación, pracer, creatividade e proxección persoal.
- Establecer relacións entre a literatura e os contextos culturais, sociais e históricos.
- Adquirir interese polos libros, pola cultura do presente e do pasado, e pola súa maneira de difusión.
- Aprehender criterios de diferenciación e selección de obras diversas.
- Desenvolver a capacidade de comprensión, interpretación crítica e a facultade para expoñer ideas persoais.

- ❑ escoitar con atención e aprender a intervir en público.

Todo elo conquerirase a través dunha forma de participación activa do alumnado en cada unha das actividades posibles. Esta participación pode ser moi variada, pero en todo caso fomentará especialmente a consolidación dos contidos vistos na clase a través da realización de diversas actividades: asistencia a conferencias, intervención con preguntas, realización de traballos na aula, debates, investigación sobre un tema, toma de notas, elaboración de resumos, reseñas, recollida e clasificación de material para realizar unha exposición.

❖ Recuperación de materias pendentes .

A recuperación de materias pendentes poderase realizar mediante tres procedementos: un *Plan de Traballo*, as *Probas Finais* e a *Recuperación da materia pendente cos resultados da materia do curso actual*. Os alumnos poderán realizar estes tres procedementos o tan só algún o algúns deles.

► **Plan de Traballo:** Para facilitar aos alumnos a recuperación das materias pendentes o Departamento Didáctico de Lingua Castelá e Literatura propondralles un Plan de Traballo que incluíra actividades de recuperación e actividades de avaliación.

► **Actividades de Recuperación:** Estarán enfocadas a que os alumnos adquiran os contidos non alcanzados nos cursos anteriores, así como a reforzar os contidos que xa teñen sido adquiridos.

Estas actividades de recuperación serán voluntarias para os alumnos e levaranas a cabo fora do horario lectivo. Os contidos sobre os que versarán estas actividades de recuperación serán os que figuren na Programación Didáctica relativos á materia que o alumno ten pendente.

Para poder facer un seguimento da evolución da aprendizaxe do alumno, este deberá presentar periodicamente aos profesores os traballos realizados, para a súa revisión e corrección. A avaliación destas actividades poderá ser tida en conta como parte das probas de avaliación para superar a materia.

► **Actividades de avaliación:** Os alumnos deberán realizar dúas probas de avaliación, nas datas que determine Xefatura de Estudos. Cada proba abarcará unha parte dos contidos da materia pendente, tendo sempre en conta o criterio de *avaliación continua*, punto esencial nos nosos criterios de avaliación e metodolóxicos. Para poder recuperar a materia pendente o alumno deberá alcanzar como mínimo unha nota de 4 pts (sobre 10) en cada unha das probas e obter un mínimo de 5 pts como nota media destas dúas probas.

Sempre que un alumno alcance como mínimo un 4 nunha destas probas de avaliación, poderá sumárselle ata 1 punto á nota desa proba, como valoración das actividades de recuperación correspondentes aos contidos que se evalúan nesa proba. A nota resultante da suma da nota da proba e da valoración das actividades de recuperación será a que se teña en conta para calcular a nota media das dúas probas.

Os contidos sobre os que se elaborarán estas actividades de avaliación serán os que figuren na Programación Didáctica relativos á materia que o alumno ten pendente.

▷ **Probas Finais:** Os alumnos poderán realizar dúas probas finais de toda a materia: unha no mes de Maio e outra no mes de Setembro. Para poder recuperar a materia pendente o alumno deberá obter como mínimo unha nota de 5 puntos (sobre 10). No caso de que esa proba estea dividida en varias partes, deberá alcanzar como mínimo unha puntuación de 5 en cada unha das partes.

Os contidos sobre os que se elaborarán estas actividades de avaliación serán os que figuren na Programación Didáctica relativos á materia que o alumno ten pendente.

▷ **Recuperación da materia pendente cos resultados da materia do curso actual:**

Os alumnos que aproben a materia que están cursando no curso actual recuperarán as materias pendentes de cursos anteriores.

Os alumnos que non aproben a materia que están cursando demostrarán que alcanzaron os obxectivos da materia que teñen pendente realizando o Plan de Traballo ou Probas Finais especificados anteriormente.

❖ **Competencia lectora e Plan Lector.**

En tódalas materias impartidas polo Departamento de Lingua Castelá e Literatura constituí un **obxectivo esencial e básico** potenciar a lectura e os hábitos lectores dos nosos alumnos.

En cada curso, dun xeito progresivo, os alumnos realizan lecturas de carácter obrigatorio (coforme queda recollido nesta Programación), e día a día as suxestións de lecturas voluntarias é unha constante nas nosas aulas. O fomento da lectura vai máis aló que un bloque de contido, como é o de Literatura, xa que a nosa meta é crear lectores, e chegar a compartir con eles a lectura como fonte de ocio é de goce estético.

Isto explica que en 3º e 4º de E.S.O. a realización das lecturas de carácter obrigatorio constitúan un requisito previo para poder aprobar non só a materia, senón cada avaliación do curso.

O coñecemento, o uso e o disfrute da biblioteca do centro, a do Concello de Abegondo e o de distintas bibliotecas virtuais conforman igualmente un dos contidos recurrentes das materias impartidas polo noso Departamento.

Deste xeito os profesores/-oras deste Departamento colaborarán e tratarán de

conquerir un pleno desenvolvemento do Proxecto Lector do I.E.S. de Viós.

❖ **Criterios de Avaliación da Programación Docente.**

Consideramos unha das funcións básicas das Reunións de Departamento semanais levar unha permanente e sistemática Avaliación do desenvolvemento da nosa Programación Docente. Deste xeito quedará reflexado nas Actas das Reunións do noso Departamento esta puntual Avaliación da Programación Docente: logros e trancos, adecuación da temporización inicial prevista, causas dos posibles retrasos na temporización inicial prevista, cambios ou modificacións puntuais da Programación Docente e pormenorizada xustificación que levaron a adoptar estes hipotéticos cambios ou modificacións.

De igual xeito, a Memoria da Actividade Docente do noso Departamento reflexará estas actuacións enunciadas no parágrafo anterior, e xa recollidas ao longo do curso nas Actas de Departamento.

Para avaliar a Programación en cada avaliación realizarase a avaliación dos procesos de ensino-aprendizaxe no que se aborda:



Avaliación da adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do noso alumnado.



Avaliación das aprendizaxes acadadas polo alumnado.



Os procedementos de avaliación do alumnado:

Para que a avaliación do alumnado teña as maiores garantías de obxectividade e equidade posibles realizarase un proceso de homoxeneización e calibración na aplicación dos criterios de avaliación recollidos na Programación.

Deste xeito ao principio de curso levarase a cabo unha detallada información aos alumnos do sistema de avaliación que se vai aplicar, así como dos contidos que se van desenvolver en cada avaliación.

Tamén a principios de curso desenvólvese unha reunión para consensuar e calibrar a aplicación dos criterios de avaliación cando varios profesores imparten un mesmo nivel.



Avaliación do desenvolvemento da Programación Didáctica:

A hipótese de partida tentará que, como mínimo, se realice unha impartición do 85% dos contidos programados. Como enunciámos na introducción deste apartado, as non conformidades coa Programación impartida son tratadas nas reunións semanais do Departamento e recollidas nas Actas de Departamento, nas que tamén se recollen as súas causas e as posibles medidas ou solucións que

Abórdase igualmente:

- Avaliación das medidas ordinarias e extraordinarias de Atención á Diversidade dentro da aula.
- Organización da aula e posible distribución do alumnado para desenvolver a Programación.
- Avaliación do aproveitamento dos recursos dispoñibles no Centro e no seu contorno para facilitar o desenvolvemento da Programación.
- Sistemática e continua coordinación do profesorado.

Todos estes puntos son tratados en cada Avaliación e a partir deles fanse as correccións á Programación oportunas e se obteñen datos para posibles modificacións, que como adiantamos no primeiro parágrafo deste apartado, han quedar reflectidas na Memoria final da actividade docente do noso Departamento.

❖ **Anexo da Programación Docente 2021 - 2022.**

POSIBLES ESCENARIOS EN FUNCIÓN DA SITUACIÓN SANITARIA DERIVADA DO COVID 19:

En **todos os posibles escenarios** a avaliación ha de contribuír a mellorar o rendimento dos alumnos. Para que isto sexa posíbel, é necesario que sexa unha **avaliación continua** e que estea atenta á evolución do proceso global de desenvolvemento do alumno, no plano intelectual, afectivo e social:

- Realizarase **avaliación continua**, e valorarase o progreso que van realizando os alumnos. A observación do traballo na aula será fundamental na avaliación de cada alumno: o esforzo, o afán de superación, o interese pola materia e o traballo diario serán decisivos á hora de otorgar unha cualificación aos alumnos.

- Na primeira quincena do curso, realizarase unha **avaliación inicial**. Os profesores elaborarán unhas fichas a través das cales coñecerán o nivel dos alumnos en diversas cuestións: lectura, comprensión, ortografía, presentación dos traballos, conceptos, procedementos, actitudes, coidado do material, capacidade de abstracción, etc.

- **Metodoloxía e actividades:** Conforme aparece recollido na nosa Programación Didáctica, na **metodoloxía** hai que ter en conta que a área de Lingua encerra unha certa complexidade polo feito de que en Galicia conviven dúas linguas oficiais; a ensinanza xoga un papel importante na situación harmónica entre ambas linguas, pois debe conquistar que os alumnos as dominen dunha maneira satisfactoria e que valoren dunha forma positiva a diversidade lingüística e cultural. Así pois, o tratamento metodolóxico

da área haberá de considerar o tratamento das posibles interferencias lingüísticas, procurando unha mellora no uso simultáneo de ambas nas aras dunha evolución progresiva ao longo desta etapa formativa. Por todo isto, será preciso traballar a partir dos usos reais que da lingua fagan os alumnos para propiciar patróns lingüísticos que amplíen as súas posibilidades comunicativas.

Será preciso centrarse tanto na lingua oral, como na lingua escrita dunha forma harmónica. Ademais o estudo da Lingua ha de levarse a cabo dunha forma integrada co da Literatura. Trátase de enriquecer a linguaxe avanzando na educación literaria.

En canto á gramática, esta queda subordinada á competencia comunicativa (oral e escrita), se xa dun xeito progresivo o alumno ha de integrar na súa formación unha serie de contidos propedéuticos fundamentais para a súa formación posterior. En todo caso darase prioridade aos obxectivos de carácter práctico (uso da lingua, dominio da comprensión e a expresión) mediante actividades diferenciadas.

Hai que citar a integración nas diferentes unidades de aspectos relacionados cos temas transversais, de atención á diversidade e de aspectos interdisciplinares.

Dende o punto de vista didáctico, pátense dos intereses dos alumnos e dos coñecementos que estes posúen e procúrase que eles mesmos apreñendan as estratexias para apreñender. Por tanto, establécese unha metodoloxía sobre todo práctica e funcional, que dará máis importancia aos contidos procedementais. Os alumnos realizarán diferentes tipos de actividades, individuais e en grupo, e participarán na información que se vai suministrando a través de tarefas de análise, reflexión, interpretación, debate, etc.

1º.- Escenario Presencial:

Aparece recollido puntualmente nesta Programación Didáctica por ser o marco que defende e aboga a Dirección do Centro neste inicio de curso 2020/2021.

2º.- Escenario semipresencial e/ou non presencial:

Neste inicio de curso 2020/2021 tan só consideramos estes escenarios como consecuencia dun brote puntual da pandemia que poida afectar ao noso Centro. De xurdir outras circunstancias, haberán de ser as autoridades educativas as que indiquen e lexislen os pasos a seguir.

Para levar a cabo o **seguimento** e a **avaliación** utilizaranse diversos **procedementos**:

- Análise do traballo realizado: resolución das distintas actividades propostas, caderno de clase, textos escritos, producións orais, etc.
- Respeto e adecuación aos **prazos de entrega** establecidos.
- Intercambios orais cos alumnos: diálogos, posta en común, debates, etc.
- Probas concretas: exposición dun tema, resolución de exercicios, controis, exames puntuais, etc.
- **Traballo diario/ semanal nas distintas actividades propostas**: actitude cara á asignatura e participación.

Estes procedementos estarán baseados no emprego das distintas **ferramentas tecnolóxicas** ao noso dispor:

- Indicacións, lecturas, actividades, aclaracións, suxestións ... colgadas na páxina web do IES.
- Corrección destas actividades remitidas polos alumnos.

- Conexións por vídeo conferencia ou aula virtual cos alumnos.
- Intercambio de correos electrónicos cos alumnos e, no seu caso, coas familias.
- Estreita comunicación e coordinación co profesor titor do alumno, e mesmo coa Dirección do IES.

2.1.- Avaliación e cualificación dun breve período non presencial ao longo dunha Avaliación.

De terse que interromper a impartición das clases presenciais no inicio, no transcurso ou ao final dunha Avaliación por un brote do Covid 19 aplicaremos os seguintes parámetros:

1º.- Ningún alumno será cualificado neste período cunha nota inferior á acadada na fase presencial. É dicir, no peor dos casos obterá una cualificación idéntica á reflectida na fase presencial.

2º.- O alumno que acadou una **cualificación positiva** (5 puntos ou + de 5 puntos) na **fase presencial** poderá **sumar** á súa cualificación da fase presencial **ate un 15%** pola avaliación da súa evolución e traballo neste período non presencial.

3º.- O alumno que acadou una **cualificación negativa** (menos de 5 puntos) na **fase presencial** poderá **sumar** á súa cualificación da fase presencial **ate un 25%** pola avaliación da súa evolución e traballo neste período non presencial.

2.2.- Avaliación e cualificación dun período non presencial ao longo de toda unha Avaliación.

De terse que interromper a impartición das clases presenciais ao longo de toda unha Avaliación aplicaremos en todos os cursos e niveis os procedementos e parámetros que quedan reflectidos na presente Programación Docente.

Tanto neste escenario, como **noutros posibles escenarios non contemplados nesta Programación**, quedamos a expensas das instrucións que diten as autoridades educativas en aras de garantir e regravar unha cualificación ecuánime.

- I.E.S. Viós, 16 de Setembro de 2021.

- A Xefa do *Departamento de Lingua Castelá e Literatura.*

Asdo: M^a Jesús Miramontes Otero.

APARTADOS DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.	PÁXINAS
- Introducción.	1
- Obxectivos Xerais da ESO	2 - 3
- Competencias Clave.	3 - 4
- Currículo de Lingua Castelá e Literatura.	5 - 6
- Contribución da Materia de Lingua Castelá e Literatura á adquisición das Competencias Clave.	7 - 8
- Estrutura dos Contidos, Criterios de Avaliación e Estándares de Aprendizaxe.	9 - 10
- A Materia de Lingua Castelá e Literatura 1º de ESO.	11 - 34
- A Materia de Lingua Castelá e Literatura 2º de ESO.	35 - 62
- A Materia de Lingua Castelá e Literatura 3º de ESO.	63 - 92
- A Materia de Lingua Castelá e Literatura 4º de ESO.	93 - 127
- Criterio de Avaliación e incidencia do <i>Abandono de Materia</i> .	128
- Tratamento dos Elementos Transversais nas materias impartidas polo noso Departamento.	129 - 130
- Actividades Complementarias e Extraescolares.	131 - 132
- Recuperación Materias Pendentes.	132 - 133
- Competencia Lectora e Plan Lector.	133
- Criterios de Avaliación da Programación Didáctica.	134 - 135
- Anexo da Programación Docente 2021/2022:	135 - 137
- Posibles escenarios en función da situación sanitaria derivada do Covid 19.	135 – 137
- Índice dos distintos apartados da Programación Didáctica.	138